

S U M A R I O

Remata a emerxencia sanitaria por mor da Covid 19 (p.12)

Ordes mantén a vontade de acabar o PXOM en 2022 (p. 9)

A obra da Vía Verde de Cerceda a Oroso avanza rápido (p. 24)

A pedestre de Tordoia supera os 500 participantes (p. 31)



La Terraza

Caipiriña de lima y caipiriña de fresa
Batidos de frutas
Copas de helado
Cuzmel
Mojito
Gofres

Rúa do Muíño 16 baixo. ORDES

Depósito legal: C468-2020

Cerceda | Frades | Mesía | Ordes | Oroso | Tordoia | Trazo

Nº 27 | Outubro 2021

PRIMEIRA NOTICIA



A cúpula do grupo Deus, en xuízo por suposta evasión fiscal

Páx. 16

O fondo da transición posterior a Meirama, en pausa porque a Xunta non asina o protocolo

Páx. 8

A Administración autonómica deterá novos proxectos eólicos

Páx. 10

Un rápido episodio de ventos moi potentes destroza varias colleitas de millo na comarca

Páx. 11

Oroso prepara as instalacións deportivas para a nova tempada

Páx. 27

Faltan mans nas obras da zona

O sector da construción non atopa man de obra con suficiente cualificación. O que parecía impensable na crise de hai uns anos é agora un feito preocupante porque o persoal que se retirou non atopou reempra-

zo. A comarca non é unha excepción e hai empresas que renuncian a obras por non ter a quen contratar. Todo nun momento de materiais encarecéndose e con dificultades de abastecemento. **Páxs. 4-6**

**talleres
de Prado
e Granada**

talleresdepradoegranado@gmail.com
Telf: 981 68 85 73 / Mvil: 671 79 57 61
Permanente: 696 42 27 94
Fonte Estrei 28-30 Baixo, 3
15680 Ordes (A Coruña)

Mecánica e neumáticos

EDITORIAL

SORRISOS E BÁGOAS. Por Saúl Recouso.

Reconstruír a construción

O da construción é un dos mellores exemplos da economía que funciona en rede. Non se refire a metáfora ás redes virtuais de comunicación, basta con pensar nunha desas mestas teas de araña tan vistosas ao final do verán.

E é que o sector, o 10% do PIB, mobiliza non só os milleiros de empregos propios, senón tamén incontables oficios -algúns moi cualificados- que interveñen para poñer en pé unha casa, un edificio, unha ponte ou unha nave gandeira.

Por iso, é unha boa noticia que o conglomerado da construción medre e manteña o ritmo, e que saia indemne da pandemia sani-

taria. Pero para que a boa noticia continúe é necesario reconstruílo.

A carestía dos materiais pode ser un problema temporal, que antes ou despois terá que estabilizarse. Pero o reto máis complexo é o da falta de man de obra. Non se soluciona da noite para a mañá. Chegouse á carencia actual despois da longa e brutal crise anterior, na que os traballadores non tiveron máis alternativas que emigrar, buscar outra actividade ou (pre)xubilarse.

Para reverter a situación, o primeiro é un cambio de imaxe social. Facer a construción máis atractiva para a xente nova, que se perciba como unha alternativa laboral dig-

na, pasa por prestixiala. Hai que potenciar a formación regrada, implicando ás propias empresas, e establecer garantías para erradicar os abusos que se cometían tempo atrás, moitas veces da man de intrusos que a mesma crise desterrou.

E outra lousa que convén retirar, cando menos na pequena e mediana empresa, é a que carga a crise de 2009 sobre a construción e as inmobiliarias. Na linguaxe quedou así mais o certo é que estes dous ámbitos non foron culpables, senón vítimas, da especulación financeira desaforada, amparada e mesmo propiciada por algúns gobernos que desistiron das súas obrigas.

O sorriso para o remate da emerxencia sanitaria, un logro colectivo (sociedade, administracións, persoal sanitario...) que conseguimos a pesar dos atrancos dalgunha que outra ruidosa minoría que, por ignorancia e mala fe, cando non polas dúas cousas, empezaron por negar a doenza para despois negar as súas características e efectos e finalmente resistirse á solución das vacinacións. Como sociedade, hai que identificar e marxinar esta xente. Non merecen estas conquistas nin unha plácida convivencia.



As bágoas para a falta de acordo entre as Administracións para establecer o protocolo dos fondos de transición xusta, vitais para Cerceda e a súa contorna. As pugnas cheiran a partidismo e fan que o proceso avance máis lento do desexado. Como se non fose necesario o impulso a novas alternativas de emprego que perfilen unha miga de esperanza!

As bágoas para a falta de acordo entre as Administracións para establecer o protocolo dos fondos de transición xusta, vitais para Cerceda e a súa contorna. As pugnas cheiran a partidismo e fan que o proceso avance máis lento do desexado. Como se non fose necesario o impulso a novas alternativas de emprego que perfilen unha miga de esperanza!

LINGUA DE PRIMEIRA. Irene Bravo Pérez.

A gheada e o seseo son correctas na fala

A **gheada** e o **seseo** son realizacións dialectais propias da nosa lingua. Na fala son válidas e correctas, pero na escrita non se representan.

A **gheada** é un fenómeno dialectal consistente na evolución de /g/ cara a unha pronuncia aspirada /h/, normalmente farínxea (por exemplo, *house* do inglés). Estas pronuncias están documentadas dende finais do século XVIII e son maioritarias na lingua oral de todo o galego coruñés e pontevedrés, así como do occidente de Ourense e Lugo.

A normativa actual permite elixir entre a pronuncia velar [g] e a pronuncia farínxea [h], sendo ambas correctas. En calquera caso estes fonemas escríbense sempre

coa mesma grafía, a letra "g".

O **seseo** consiste na pronuncia do *c* e do *z* coma se fosen un *s* (por exemplo, *casa*) en calquera posición ou só ao final de sílaba ou de palabra (*lus*). Atopámolo nunha franxa ao longo da costa occidental de Galicia.

O seseo pode ser implosivo ou explosivo. O seseo implosivo dáse en posición final de sílaba (*lus*, *des*, *rapas*) e o seseo explosivo en posición inicial de sílaba (*sinco*, *sapato*, *faser*).

Falamos de seseo total cando o seseo é implosivo e explosivo ao mesmo tempo. É un fenómeno costeiro das provincias da Coruña e Pontevedra. O seseo parcial afecta á zona central da provincia da

Coruña e de Pontevedra. A zona non seseante inclúe Lugo, Ourense e a zona oriental das provincias da Coruña e Pontevedra.

Durante o proceso de normalización do galego houbo un menosprezo bastante grande por estes dous fenómenos. O prexuízo de que o castelán era máis culto que o galego viuse reflectido no propio colectivo galegofalante, xa que as persoas cunha fonética menos semellante á castelá foron consideradas menos cultas. E dentro desta fonética máis afastada da castelá están os fenómenos da gheada e o seseo.

Afortunadamente, existe xente que reivindica a súa fala, que usa a gheada e o seseo con orgullo. Só

que ás veces isto non se fai ben. Por unha banda, existe unha tendencia a meter no mesmo saco as variantes fonéticas galegas cos castelanismos, e reivíndicanse cousas como *ghallegho*, *ghueves* e *eghemplo*, que son incorrectas e cómpre desterrar. E, pola outra banda, chegamos á teima de representar estes fenómenos na escrita. Se queremos indicar expresamente a utilización da gheada nalgunha palabra ou expresión podemos utilizar o dígrafo "gh": *ghato*, *ghaliña*. Pero a verdadeira normalidade é que todo o mundo escriba *gato*, *galiña* e despois cadaquén que pronuncie segundo a súa fala natural.

Escribide o galego con xeito, lede e pronunciadelo ao voso xeito.



A autora é filóloga e é responsable do Servizo de Normalización Lingüística da Mancomunidade de Ordes.

PRIMEIRA NOTICIA - COMARCA DE ORDES

Edita: Óscar Fraga Garabato.

Paseo do Carboeiro, nº 9. Sigüeiro 15.888. Oroso (A Coruña).

Directora: Aurora Pastor Gil | Teléfono: 617 917 130

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L. | Depósito legal: C468-2020


Mail: primeiranoticia.redaccion@gmail.com | Peche de edición: 22-10-2021


PRIMEIRA NOTICIA

Xornalismo desde a primeira liña

SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS

PODES AVISAR A SEMANA ANTES DA RECOLLIDA
POR TELEFONO OU ENVIAR UN WHATSAPP
INDICAR NOME E APELIDOS, DNI, DIRECCIÓN

 981 693 072

 616 167 131



Recorda que os residuos deben estar depositados na rúa preto do contenedor de lixo o día anterior a recollida ou antes das 7:00 horas do mesmo día.

Días de Recollida

CERCEDA: Último venres de mes

Xalo: Segundo xueves de mes

FRADES: Primeiro mércores de mes

MESIA: Segundo mércores de mes

ORDES: Primeiro luns de mes

(Casco Urbán) - Segundo luns de mes (Resto Concello)

OROSO: Primeiro sábado de mes

(Sigüeiro e Porto Avieira) - Primeiro viernes de mes (Resto Concello)

TORDOIA: Último luns de mes

TRAZO: Segundo venres de mes



De coincidir festivo pasa ó mesmo día da semana seguinte , excepto Oroso que pasa o xoves da semana seguinte

A construción na comarca: máis obras, falta persoal e materiais máis caros

Redacción. Comarca.

Son o batallón que día tras día levanta o país. Albaneis, pintores, fontaneiros, electricistas, carpinteiros, arquitectos... Calquera que se lle dese aínda que só fose por unha pequena reforma na casa coñece ben o repertorio de profesionais mobiliza a construción.

O sector, que duns anos a esta parte recuperouse plenamente da crise financeira orixinada en 2008, vive agora a súa particular encrucillada. Ten moita demanda de obras, pero non atopa persoal con suficiente formación e enfróntase a unha carestía dos materiais, en boa medida consecuencia da pandemia, que fai que non sempre cadren os números.

Os innumerables autónomos e empresas deste ámbito na comarca non son unha excepción. Fontes

do sector, que prefiren a discreción, confirman a Primeira Noticia que se chegan a producir "auténticas poxas" entre construtoras por facerse con profesionais con coñecementos e experiencia.

Hai uns anos era inimaxinable. Nunha actividade que arrastra, con motivo, a fama de precaria e dura, á que moi pouca xente quería dedicarse, hai agora traballadores, os de bo nivel, que lles poñen as condicións ás empresas, e a estas non lles queda máis que aceptar.

700.000 empregos máis

A explicación radica en que durante boa parte da década pasada o negocio non deixou de expulsar man de obra, vítima do *crac* da burbulla especulativa das entidades financeiras.

Os maiores xubiláronse ou dedicáronse a outros oficios e os no-



vos xa non se incorporaron. Será lento suplir tal baleiro. De feito, segundo un informe da Confederación Nacional da Construción, o sector precisará cubrir 700.000 postos de emprego máis. Agora traballo a 1,3 millóns de persoas.

Como efecto colateral, tenden a usarse máis elementos prefabricados pola industria, que aforran tempo e persoal, non sempre demasiado diñeiro, con respecto aos traballos que se efectúan convencionalmente en obra.

O sector da construción é dos poucos que logrou manter e incluso incrementar a actividade pese á pandemia.

Traballos que se cancelan e obras públicas desertas por valor de cinco millóns de euros

O recente informe da Confederación Nacional da Construción, que consultou máis de trescentas empresas, constatou que catro de cada dez compañías tivo que cancelar ou parar obras por mor do desabastecemento e encarecemento dos materiais.

A CNC expón que no últi-

mo trimestre destaca a suba da madeira (un 125%), da pedra (un 68%) ou do cobre (un 63%). Pero en xeral todas as materias primas aumentaron o seu prezo.

A patronal estima que unha obra custa agora un 22% máis de media e que as empresas prefiren asumir a

penalización de abandono antes que o sobrecusto.

A volatilidade do mercado fai que as compañías pensen moito se poxan por obra pública, onde a marxe para negociar é menor que na privada, aínda que entidade como ADIF comezan a incluír nos seus pregos a va-

riación dos materiais. Así as cousas, segundo revelou Diego Vázquez, presidente da Federación Galega da Construción, nunha entrevista en RNE, no que vai de ano quedaron desertas licitacións de obra pública en toda Galicia por importe de cinco millóns de euros.



Tien21

Seguimos avanzando,
seguimos reinventándonos

Nuestras tiendas de Santiago y Ordes abren sus puertas en horario habitual




Lavavajillas **599 €**

Lavadora **699 €**

Combi **699 €**

Horno piroclítico **799 €**

Santiago de Compostela

Rúa de Montero Ríos, 36
981 585 047
695 573 839

Ordes

Rúa Viriato Lamas, 3
881 981 480
618 655 793



ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS 21-22

**LINGUA DE SIGNOS
MAXIA PARA NENOS
COCIÑA
MEMORIA
INFORMÁTICA
FRUTICULTURA E PODA
RENOVA O TEU ROUPEIRO**

**PILATES
IOGA
ZUMBA
BODY BALANCE
BODY COMBAT
XIMNASIA MAIORES
BALONCESTO (6 A 12 ANOS)**

**INSCRICIÓNS DENDE O 19 AO 26 DE OUTUBRO NO 1º
ANDAR DO CONCELLO DE ORDES**

INFORMACIÓN: 981680002 (EXT. 4 E 5)

ENTREVISTA A ALBERTO FERNÁNDEZ, RESPONSABLE DA CONSTRUTORA ORDENSE AJEFER

“Perdemos de coller moitos traballos por non dispoñer de man de obra”

‘AJEFER, SL’ é unha das empresas de construción máis veteranas e recoñecidas de Ordes e da comarca. Vai camiño de catro décadas no sector, o que lle dá unha excelente perspectiva para avaliar o seu funcionamento. O seu actual responsable, Alberto Fernández, explica nesta entrevista as dificultades para atopar persoal.

Redacción. Ordes.

- É certo que as empresas da construción teñen dificultades para atopar empregados?

- Si, desde hai uns anos escasea a man de obra no sector. Despois do primeiro confinamento houbo un repunte bastante pronunciado do volume de traballo, o cal agravou aínda máis a situación e provocou que as empresas teñamos dificultades para contratar persoal para cubrir a demanda actual.

- Precísase moito persoal?

- Si, hoxe en día perdes de coller moitos traballos por non dispoñer de man de obra para executalos no prazo que o cliente desexa.

- Que postos resultan máis difíciles de cubrir?

- O perfil de traballador máis difícil de atopar é o de oficial de primeira que saiba facer algo de todo, xa que despois da crise da construción entre 2008 e 2014 moitos profesionais buscaron outras alternativas laborais, outros foron xubilándose e non houbo un relevo xeracional que suplira todas esas baixas. Este problema irase agravando co paso dos anos se non se busca algunha solución.

- Cal é a razón de que non consigan novas incorporacións? Non hai xente disposta a traballar neste sector? Haina pero sen formación abondo?

- Non hai xente disposta a traballar no sector. Na miña opinión a principal razón de que escasee a man de obra na construción é que



a xente prefire buscar un traballo de xornada continua que no noso sector non abunda, aunque cada vez somos máis as empresas que apostamos por tal opción. Outro condicionante pode ser que ás veces toca traballar á intemperie –ao sol, ao frío e á auga- e tamén que é un traballo máis físico que outros.

- Está ben retribuído ou o nivel dos salarios é un factor que fai que posibles traballadores opten por outras ocupacións?

- Penso que é un ámbito laboral ben retribuído -e cada vez será máis pola falta de traballadores- se sabes desempeñar ben o traballo, como calquera outro sector. Pero hai xente que sen saber nada do oficio pretende un bo soldo sen a cualificación necesaria para desenvolver o proceso construtivo.

Non creo que os salarios sexan peores que noutros sectores pero que se considere un traballo máis duro e físico inflúe á hora de decantarse pola construción. Penso que a xente prefire traballar nunha gasoleira, nun supermercado, nun almacén... incluso tendo un salario máis baixo e tendo a posibilidade de aprender un oficio de futuro como é a construción.

- Que están facendo as empresas para conseguir persoal?

- Utilizamos moito o boca-oído. Preguntámonos entre os profesionais do sector se coñecemos xente con boas referencias para traballar. Cando algún empresario se xubila intentas captar os seus operarios para a túa empresa.

- Non acoden ás oficinas de emprego?

- O perfil de demandante que se ofrece aí non adoita axustarse ao que buscas, xa que nos tempos que corren un traballador cualificado xa está traballando por conta propia ou allea.

- Buscan man de obra estranxeira?

- O certo é que tampouco hai moito demandante que queira enrolarse no sector.

- Entón non existe o risco de que o aumento de traballadores foráneos peor pagados reduza as nóminas do conxunto?

- Non creo que o aumento do número de traballadores foráneos repercuta na baixada de salarios. A man de obra estranxeira adoita estar menos cualificada, ten mecanismos de traballo diferentes aos de aquí e incluso menos formación en temas de prevención de riscos laborais, o cal hoxe é moi importante debido ás esixencias que tes que cumprir para poder traballar.

Fernández considera que a carencia de persoal no sector non se solucionará nin a medio nin a longo prazo.

Todo vai relacionado coa cualificación do traballador como calquera outro sector. Se é bo, vai ter un salario acorde ao seu nivel profesional, xa que para un empresario sempre é preferible ter un empregado que faga o traballo mellor, máis rápido e que sexa capaz de resolver os problemas aunque lle teña que pagar máis.

Un bo profesional sempre vai ter un salario bo desde o meu punto de vista, e máis se cabe nos tempos que corren debido á escaseza de man de obra cualificada.

- Pensa que a carencia de traballadores se poderá solucionar a medio prazo?

- Vexo difícil que esta escasexa de man de obra se resolva a medio e incluso a longo prazo.

- Ve viable unha Formación Profesional vinculada á construción?

- Xa existen ciclos formativos de diferentes graos relacionados coa construción, edificación e obra civil, pero teñen pouco interese para a xente nova.

Incluso hai algúns centros que teñen que suprimilos ante a pouca demanda de matriculacións, xa que non se cubren as prazas ofertadas, o que supón un gran problema para o futuro do sector.

 **@mocidade.do.tambre**

 **Mocidade do Tambre**

6 E 7 DE NOVEMBRO

I TORNEO DE PADEL MOCIDADE

Organiza:



Ao final do
primeiro día
de torneo,
teremos
pinchos!

PREMIOS:

Parexa gañadora

(Cea no Restaurante
Mirás)

Parexa finalista

(Unha camiseta de
pádel para cada un)

Colabora:



crosspadel sigüeir

Crosspadel Sigüeiro
Rúa Trazo, 5,
15688
Sigüeiro, A Coruña

COMO FACER PARA APUNTARSE?

Envíanos unha mensaxe as redes sociais da Asociación, co nome teu e da túa parexa ata o 31 de outubro.

Abona os 4 euros respectivos por parella o primer día do torneo na mesa da organización.

QUEN PODE APUNTARSE?

Todos os mozos/as entre 16 e 30 anos.

COMO SE DESENVOLVERÁ O TORNEO?

O torneo disputarase mediante eliminatorias, a través dun cadro, que será realizado por sorteo en directo a través do Instagram da asociación, nos días anteriores o mesmo.

A organización pondrá as bolas e augas para os participantes.

Todos os participantes recibirán unha camiseta o primeiro día do torneo, coa que terán que xogar.

Unha sola categoría, as parexas poden ser masculinas, femininas ou mixtas.

Os partidos xogaranse ao mellor de 3 sets, con punto de oro.

**APÚNTATE NAS NOSAS REDES SOCIAIS
(INSTAGRAM,FACEBOOK) ATA O DÍA 31 DE
OUTUBRO**

CERCEDA

Un sindicato retrasa os orzamentos municipais

Unha alegación presentada polo sindicato USO demora unhas semanas a entrada en vigor dos orzamentos do Concello de Cerceda para 2021, que ascenden a case 9,93 millóns de euros.

A reclamación, formulada en termos moi semellantes noutros Concellos, reclamaba a cobertura efectiva de postos vacantes e funcionarizar diversas prazas en mans de persoal laboral.

A reclamación, a única presentada en tempo e forma contra as contas, foi rexeitada polo PSOE, coa abstención de PP e BNG. Desestimouse por non axustarse ás causas fixadas por lei para unha alegación.

O fondo de transición xusta trae 111 millóns á provincia



Redacción. A Coruña.

O Fondo de Transición Xusta concretou a principios deste mes de outubro de canto diñeiro disporá a provincia da Coruña. Serán 111 millóns de euros, destinados ás comarcas afectadas polo peche

das centrais térmicas de Meirama e das Pontes, tal como confirmou o Delegado do Goberno en Galicia, José Manuel Miñones.

Na práctica, os municipios que máis se beneficiarán serán os das Pontes e de Cerceda, pero non se exclúen varios das súas contornas

nos que tamén se desenvolveu a actividade das infraestruturas de produción enerxética.

A Xunta non asina o protocolo

Miñones destacou que Galicia é a segunda autonomía que maior achega recibe. Acusou ao goberno da Xunta de ser o único en toda España que aínda non asinou o protocolo xeral para materializar os proxectos a custear. Aínda así, o Goberno central ultima os convenios específicos de Meirama e das Pontes. A Xunta alega que o protocolo invadiría competencias.

En Pleno, o alcalde de Cerceda, Juan Manuel Rodríguez, fixo fincapé na relevancia destes fondos para desenvolver políticas en materias como o emprego que axuden a fixar poboación.

Reunión da Delegación do Goberno sobre os fondos de transición.

COMARCA

A renda media declarada nos municipios da zona vai desde os 16.000 ata os 19.000 euros anuais por persoa

A renda media dispoñible nos municipios da comarca de Ordes varía entre os aproximadamente 16.000 euros anuais por persoa en Frades, Mesía e Tordoia ata os case 19.000 de Oroso. Son datos dun recente informe da Axencia Tributaria correspondente ás persoas declarantes no exercicio de 2019 do IRPF.

En concreto, as cifras máis baixas, case idénticas, son as de Mesía (15.962 euros), Tordoia (15.963) e Frades (16.101). Un pouco máis cómputase en Trazo (16.441). No chanzo superior figuran os municipios con maior peso industrial e de servizos na súa economía e de maior configuración urbana: Ordes (17.845 euros de renda media dispoñible), Cerceda (18.466) e Oroso (18.927).

No conxunto da provincia, a maior renda media dispoñible declárase en Oleiros (33.708 euros) e a menor en Toques (12.908), concello situado ao lado de Melide.

A Axencia Tributaria precisa que nos datos non se computan partidas con rendas negativas para non distorsionar os valores reais.

Excelente acollida á Academia de Turismo da Mancomunidade

Redacción. Comarca.

A Academia de Turismo da Comarca de Ordes, posta en marcha pola Mancomunidade, iniciou a súa actividade cunha acollida excepcional. Recibiu 28 solicitudes para os 10 proxectos previstos inicialmente. Ao final, unha vez avaliadas as peticións, o órgano de selección decidiu ampliar ata 11 as iniciativas que se mentorizan. Cinco delas pertencen a Oroso.

Novos aloxamentos, a mellora ou reorientación de negocios de hostalaría, proxecto de inglés ligados ao sector turístico ou empresas de turismo activo son algunhas das propostas aceptadas.

Asesoramento individualizado

A Mancomunidade agradece todas as iniciativas que se presentaron e non puideron entrar, in-



Unha das sesións da Academia, impartida no municipio de Oroso

cluso do resto de Galicia ou mesmo de Andalucía.

O programa da Academia de Turismo ofrece un asesoramento individualizado por parte dos mentores e mentoras no desenvolvemento de cada proxecto. A Mancomunidade agarda contri-

buír a asentar iniciativas empresariais que xeren riqueza e emprego.

A Academia mantense aberta a que calquera persoa se anote nas distintas accións formativas previstas os mércores de outubro e tamén novembro. Poden ser de acceso en liña ou presencial.

Ordes mantén que o seu PXOM culminará en 2022

Redacción. Ordes.

No calendario do alcalde de Ordes, a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) mantense como unha ambición posible para 2022.

José Luis Martínez Sanjurjo insistiu no prazo en resposta a un rogo co que o BNG reclamaba publicar xa o documento no seu estado actual, recollendo as alegacións formuladas pola veciñanza e os informes sectoriais recibidos por parte de diversas entidades.

Para o rexedor, en cambio, non ten sentido publicalo neste momento porque, segundo dixo, están tramitando as emendas efectuadas por diversos organismos da Xunta, o Ministerio de Fomento ou a Deputación. No seu estado



Sesión plenaria en Ordes.

actual, o PXOM carecería de suficiente garantía xurídica, engadiu Martínez Sanjurjo, pois aínda experimentarían cambios relevantes ata o seu resultado final.

De todos os xeitos, o alcalde anticipou que a Corporación po-

derá acceder ao documento antes da aprobación provisional, cando estean recollidos os informes sectoriais favorables íntegros, especialmente a avaliación ambiental.

A velocidade

Por parte do BNG, o seu portavoz municipal, Pablo Vidal, emprazou ao goberno a axilizar a tramitación para acadar a aprobación provisional.

O Bloque recrimínalle ao executivo a "lentitude" coa que avanza o PXOM. Compara os case seis anos que leva o Concello de Ordes para chegar á aprobación provisional co tempo que lles levou a Concellos veciños rematar por completo os seus planeamentos urbanísticos: tres anos en Oroso e catro en Mesía.

Cerceda retomará a elaboración do seu plan tras resolver o contrato coa empresa á que lle encomendara as tarefas

En Cerceda, o alcalde, Juan Manuel Rodríguez García, confirmou ante unha pregunta do PP que o Concello ten a intención de empezar de novo a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Farao unha vez completen a resolución do contrato coa empresa á que lle encomendaran as tarefas técnicas.

Segundo o rexedor, a situación coa compañía era "insostible" porque pretendía facturar traballos a maiores do estipulado no contrato. Os informes técnicos municipais, expuxo Rodríguez, son contrarios a esta pretensión da empresa. O alcalde, que destacou que a tramitación dos plans urbanísticos é moi lenta, precisou que boa parte do traballo feito, o que non sexa "extemporáneo" a raíz dos cambios nas leis urbanísticas, será aproveitable.

Por outra parte, a preguntas do BNG, o alcalde, do PSOE, explicou que o pasado mes de xullo procederon á resolución do contrato para elaborar un plan parcial para a urbanización do Xalo. Asinárase en 2008 e executáronse uns 112.000 dos 139.000 euros acordados. A documentación tamén será aproveitable, aínda que Rodríguez sinalou como obstáculo para materializar o plan que "a execución, por lei, tiñana que pagar directamente os propietarios" de terreos na urbanización.

Tanda 1: 09:00
Tanda 2: 11:15
Tanda 3: 13:30
Tanda 4: 16:00
Tanda 5: 18:00

TORDOIA
SÁBADO
30 - outubro

4ª XORNADA
LIGA GALEGA

Xacobeo 21-22

A Xunta para novas peticións de éolicos

Redacción. Santiago.

A Xunta decidiu non aceptar novas solicitudes de parques eólicos durante ano e medio, contado a partir do vindeiro 1 de xaneiro. Asume a necesidade dunha "ordenación racional do sector" despois de que nos últimos tempos se presentasen peticións para uns 275 parques e 7.500 MW de potencia.

A medida, incluída na chamada lei de acompañamento dos Orzamentos de 2022, prevé excepcións para proxectos "que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta". Ademais, o executivo de Feijóo ratifica que non

se impedirá a modificación dos proxectos que xa foron admitidos a trámite.

Outra das medidas incluídas no texto é unha ampliación de distancias entre aerogeradores e núcleos de poboación, que será de cinco veces a altura total do aparato ata o extremo das pas, sen baixar nunca dos 500 metros.

Para as entidades sociais que

levan meses clamando contra a "invasión eólica" esta medida chega demasiado tarde. En cambio, a Asociación Eólica de Galicia, que agrupa relevantes empresas do sector, lamentou non ser consultada pese a que estivo reuníndose co goberno e que a norma se tramite "sen debate". Cren que paraliza un sector que consideran transcendental para a economía galega.

Non tramitará novos proxectos en ano e medio a partir de xaneiro.



Unha protesta de toda España percorre Madrid.

A avalancha de proxectos eólicos e tamén de plantas fotovoltaicas é un problema común a diferentes zonas rurais de toda España. As asociacións

e colectivos que se organizan e mobilizan na defensa do seu territorio, convocadas pola plataforma Aliente, acudiron este 16 de outubro a unha protesta en Madrid. Sumou máis de 8.000 persoas, segundo a entidade



Entidades da comarca, como SOS Encrobas, acudiron á convocatoria de Aliente.

convocante, unhas 500 procedentes de Galicia, varias da comarca ordense. Defendieron as enerxías renovables, pero reivindicaron que se instalen de maneira sostible, non con prácticas especulativas, sen ameazar o medio

natural e sen condicionar a forma de vida da poboación. O cineasta Oliver Laxe e o escritor Manolo Rivas apoiaron. As formacións políticas de esquerda comprometéronse a tramitar as súas demandas no Congreso.

O ecoloxismo leva proxectos 'partidos' aos tribunais

Redacción. Comarca.

Os tribunais de xustiza son o novo escenario da batalla contra os numerosos proxectos de parques eólicos que se están tramitando por toda Galicia, algúns deles na comarca de Ordes.

A xudicialización do conflito vén da man da asociación ecoloxista ADEGA, que presentou recursos de alzada contra os parques

eólicos *Bustelo* (en Carballo e Coristanco) e *Monte Toural* (en Coristanco e Santa Comba), impulsados os dous pola empresa Greenalia e autorizados hai pouco pola Xunta, de acordo coa entidade.

Ao non superar os 50 MW de potencia, son proxectos que poden ser tramitados pola Administración autonómica, sen presentalos ante o Ministerio. En cambio, ADEGA incide en que na prácti-

ca, operativamente funcionarán como un só.

Esa é a razón pola que a organización ecoloxista considera estes dous casos claro exemplo de "fragmentación artificial" dos proxectos para "beneficiarse das prebendas de Feijóo" sen ter que ser avaliados polo Ministerio e evitando ademais unha análise conxunta dos diversos prexuízos que ocasionan os macroparques no medio natural, tal como sostén a asociación.

Despece "fraudulento"

E é que ademais de pertencer á mesma compañía -os dous denunciados e un terceiro próximo denominado *Campelo*- comparten accesos, estación transformadora e liñas de evacuación.

Por iso, a entidade ecoloxista


pretende que os tribunais determinen se o 'despece' de proxectos se axusta á lei. Calificana de "fraudulenta" e sinalan que a compañía, na que traballa a ex conselleira Beatriz Mato, busca beneficiarse da lei alcumada 'da depredación', coa que o goberno autonómico simplificou en 2017 diversos tramites, acurtando os prazos e facendo prevalecer a declaración de utilidade pública, mermando a información e participación cidadá.

Continuarán

Á espera do pronunciamento xudicial, a asociación ecoloxista anticipa que tratará de seguir o mesmo camiño con outros parques con tramitacións semellantes en canto rematen a vía administrativa.

ADEGA leva á xustiza os proxectos que se dividen en varios para non superar os 50 MW e evitar que os tramite o Goberno central.

O vento arrasa varias colleitas de millo



Plantación imposible de aproveitar vista desde unha colleitadora en Recouso (Marzoa, Oroso).



Finca dun gandeiro que perdeu oito das dezaseis hectáreas de millo que tiña en Oroso.

 Redacción. Comarca.

En moi pouco tempo, quizais dúas horas escasas, diversas explotacións gandeiras de toda a comarca perderon unha parte considerable do traballo de todo o ano. Noutras palabras, moitos cartos e parte da súa viabilidade futura.

Os refachos de vento da noite do 2 de outubro estragaron amplas extensións de millo, que estaba a punto de ser recollido e así non puido ser aproveitado como forraxe para alimentar as vacas.

Registráronse casos en todos os

municipios da comarca. Un exemplo moi significativo é o dun gandeiro con plantacións na contorna da ponte do Lengüelle, no límite entre Oroso e Trazo. De dezaseis hectáreas que tiña sementadas malamente lle quedaron oito en pé.

As interpretacións das causas sucédense. Hai quen valora que se tivo que tratar de refachos moi fortes en lugares moi puntuais, que explicarían que nunha mesma parcela houbera zonas que permanecesen intactas e outras que fosen arrasadas e convertidas nun triste manto verde.

Hai tamén quen achaca o sucedido á escasa resistencia e este tipo de inclemencias de determinadas variedades de millo. Sosteenen que son plantas con excesivo porte e cunha raíz demasiado feble para aguantar a forza do vento.

Sexa como sexa, para as explotacións afectadas supón un dobre golpe económico: o diñeiro perdido na etapa da sementeira e o custo extra de adquirir forraxes ou pensos externos ao non poder contar coa colleita prevista.



**PILAR MARIÑO
ÓPTICOS**

**REVISIONES
VISUALES**
Pide cita en

981 976 317
Belvís de Paleo 2, pta. 3.
CARRAL
Nº Registro Sanitario:
E-15-001225

981 680 334
Rúa dos Lagartos 6.
ORDES
Nº Registro Sanitario:
E-15-000223

Materiales de construcción.

Hidromasaje - Sauna.

Tarima Flotante.

Muebles de baño.

Sanitarios.

Grifería.

Mamparas.

Azulejos y pavimentos.

Cocinas y estufas.

BEGOL



ALMACENES BECERRA GOLAN

A Tablilla - Cerceda
C/ Principal, 36 - Rodis
T: 981 697 082
begol@begol.es

Almeiras - Culleredo
Av. Almeiras, 19
T: 981 639 542
comercialc@begol.es

Remata a emerxencia sanitaria da Covid

Redacción. Comarca.

Levaba activa desde o 13 de marzo de 2020 e acaba de decaer este 23 de outubro de 2021. A declaración de emerxencia sanitaria en Galicia, un dos paraugas co que a Xunta coordinou e decidiu as sucesivas restricións ao longo da pandemia, xa é historia.

Aínda que sempre, no peor dos casos, se pode producir un retroceso, o certo é que a situación epidemiolóxica galega, e tamén a do conxunto de España, é agora envexable. A media de Galicia ronda os catorce contaxios por cada 100.000 habitantes nos catorce días previos e a española sitúase en pouco máis de corenta.

A campaña de vacinación, un exemplo de coordinación efectiva entre a Unión Europea, o Goberno central e as autonomías, resultou determinante no control

do andazo e fixo que os agromos fosen cada vez máis tenues.

Na comarca ordense o panorama é agora tamén moi tranquilizante, con moi poucos casos. Nada que ver, sen ir máis lonxe, co que acontecía hai un par de meses, despois das festas do verán que mesmo levaron ao municipio cabeceira ao nivel máximo de alerta.

Xa nas últimas semanas antes de desaparecer a emerxencia sanitaria foron suprimidas as restricións por concellos e as normas, comúns a toda Galicia, relaxáronse paseniño.

Hostalaría e ocio case sen límite

Co novo escenario, no que a Xunta de todas as maneiras aconsella precaución, xa non hai limitacións de cabida en establecementos e espazos públicos. Todos poden chegar ao 100% dentro e fóra, a non ser determinados re-



A vacinación masiva, na que España sobresa e a nivel internacional, foi determinante contra a Covid.

cintos deportivos pechados, onde queda ao 80%.

Para a hostalaría e o ocio nocturno, os horarios foron ampliados. Os venres e sábados, bares, restaurantes e cafetarías poden abrir ata a unha e media da madrugada; pubs e salas de concertos ata as catro e media; e discotecas máis salas de festas ata as cinco,

sempre que se acollan ao nivel de seguridade alto. No ocio nocturno mantense a obriga de presentar o certificado de vacinación, a expensas do que determine a xustiza.

Por outra parte, nas residencias elimináronse as limitacións para que usuarios e usuarias saian. Iso si, os familiares deben solicitar cita para organizar mellor as visitas.

CERCEDA

Incendio no cadro eléctrico dunha nave

Un incendio no cadro eléctrico dunha nave de reciclaxe de plástico en Cerceda non pasou a maiores, posiblemente pola propia configuración da instalación e sen dúbida pola intervención do persoal da empresa e dos servizos de emerxencia aos que deron aviso.

Nas primeiras horas da madrugada do 1 de outubro, os traballadores viron como os cadros ardían, se ben o lume non se estendía a outros elementos e dependencias do recinto.

A extinción foi culminada polos Bombeiros de Ordes e de Arteixo, que tamén confirmaron que no suceso non se produciu ningún dano persoal.

Colexios da zona perfeccionan a súa docencia con proxectos europeos

Os colexios da comarca non descoidan a calidade do ensino. Por iso, algúns dos seus mestres e mestras participan nun proxecto co que acoden a diversos cursos en distintos puntos de Europa.

Os colexios consorciados (o Camiño Inglés e o CRA de Oroso, e o Mesón do Vento, o Castela e o IES de Ordes) contan coa colaboración do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) nesta iniciativa, que comezou en 2019 e denomínase Wink, dentro do programa Erasmus+KA101.

O persoal docente que participou xa acudiu a dúas viaxes. A primeira, a Edimburgo (Escocia) en outubro de 2019. O curso serviu para mellorar a metodoloxía do profesorado que imparte materias de xeito bilingüe. Tamén observaron boas prácticas do profesorado en centros escolares de Dundee.



Participantes nos proxectos Wink e Camine, hai uns días no curso desenvolto en Lisboa.

Na segunda viaxe, hai poucas semanas, o destino foi Lisboa. O cometido foi mellorar a capacidade de desenvolver proxectos europeos e tecer redes con outros centros europeos. Foi o curso *Developing International Projects for Schools (DIPS) 2021*.

Agora preparan un novo desprazamento, o que culminará o proxecto, previsto para os vindeiros meses. Acudirán a Viena para afondar na metodoloxía *Content Language Integrated Learning (CLIL)* en colaboración coa Universidade de Viena.


ORDES

As sancións ás terrazas chegarán ata 3.000 euros

Redacción. Ordes.

Incumprir a normativa local sobre terrazas en Ordes poderá supoñerlle ao establecemento ata 3.000 euros de sanción. Para iso terá que deberse a unha infracción tipificada como moi grave, pois as leves e as graves sitúanse en topos de 150 e de 450 euros. As novas contías son o principal cambio introducido polo Pleno na ordenanza que regula as terrazas e outras ocupacións do dominio público. Votaron a favor o goberno (PP) e o PSOE, abstivéronse os tres edís non adscritos e opúxose o BNG.

A principal crítica dos nacionalistas foi precisamente que a sanción máxima se multiplique



Haberá que deixar 90 cm para pasar.

por dez, polo que aprezan “afán recadatorio”. O alcalde, José Luis Martínez Sanjurjo, replicou que a intención do seu goberno é “equiparalas coas doutras vilas e espazos urbanos similares a Ordes”.

Espazo para peóns

O debate detívose no espazo que as terrazas deberían deixar libre nas beirarrúas. Fixouse en 90

centímetros. Os non adscritos defenderon que fose maior e o Bloque reclamou un mínimo de 150 cm desde a fachada do edificio para garantir o tránsito con cadeiras de rodas, apelando a unha orde ministerial de 2010. Para os casos nos que non quedase beirarrúa abondo, suxeriron instalar a terraza no aparcadoiro sobre tarima nivelada.

O goberno rexeitou a petición do BNG porque cre que eliminaría terrazas de diversos negocios. O alcalde insistiu en que a ordenanza axústase á normativa e conta con informe positivo dos técnicos municipais. O PSOE defendeu a importancia económica destes espazos na pandemia e pediu marcalos no chan para facilitar a vixilancia.

OROSO

A Corporación rexeita a perda de servizos bancarios entre críticas á Xunta de Galicia



O Pleno de Oroso rexeitou mediante unha moción o peche da oficina do Banco Sabadell no municipio, así como a redución de persoal de Santander, CaixaBank e BBVA. A iniciativa tamén se opón a que Abanca reduza os horarios para determinadas xestións e critica que a Xunta subvencione ás entidades para instalar caixeiros automáticos en lugares onde pechan sucursais.

A mesma sesión aprobou tamén unha iniciativa para demandarlle á Consellería de Educación que acometa as obras precisas no CEIP Sigüeiro e no CRA, outra para solicitar máis persoal de Atención Primaria e outra para rebaixar a factura da luz.

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS CONCELLO DE CERCEDA



Reforma inminente na Casa da Cultura

A reforma prevista na Casa da Cultura de Ordes podería comezar durante a primeira quincena de novembro, sempre que se cumpran os prazos que manexa o Concello.

As obras foron licitadas por algo máis de 383.000 euros, dos que 250.000 págaos a Xunta entre 2021 e 2022. O resto asúmeo o Concello. A previsión é que en marzo do ano que vén a intervención estea rematada.

A iniciativa ten o propósito de mellorar o illamento térmico do edificio, que na actualidade causa diversos problemas, dotado dun sistema de climatización máis eficiente e mellorar a acústica, a iluminación, a visibilidade, a seguridade e a comodidade no auditorio do inmoble.

O campo de fútbol do Mesón, de novo en poxa

A Axencia Tributaria prevé efectuar unha nova poxa pública para o alleamento do campo de fútbol do Mesón do Vento, en Ardemil (Ordes).

Así o confirmou o alcalde ordense, José Luis Martínez Sanjurjo, en resposta a unha pregunta efectuada polo BNG en Pleno. O rexedor manifestou que nese momento non lles concretaran cando saíra a poxa e incidiu en que o Concello mantén un “contacto continuo” coa Axencia Tributaria a través do asesor xurídico municipal.

O ben foi embargado hai uns anos a raíz da insolvencia do club de fútbol. O anterior proceso de poxa non culminou nunha nova propiedade.

FRADES

Reafirman a AC-524



Reparación da estrada Ordes-Lanzá na travesía de Abellá.

Nas últimas semanas quedaron atrás as deficiencias que presentaba a estrada autonómica AC-524 (de Ordes a Lanzá) ao seu paso por Abellá (Frades).

A Consellería de Infraestruturas investiu uns 50.000 euros na travesía, entre os quilómetros 8,6 e 10,35. Nos lugares onde se considerou preciso polo seu mal estado, aplicaron unha nova capa de rodadura de cinco centímetros de

espesor. Deste xeito elimínanse as “deformacións” que viña habendo, tal como as califica a Xunta, para garantir unha maior seguridade.

Preveuse ademais repórter as marcas de sinalización viaria horizontal, coas que organizar o tráfico e evitar riscos.

Á vez, usuarios e usuarias comentaron en Primeira Noticia que outros tramos da estrada presentan unha pésima conservación.

ORDES

O colexio Castelao disporá de ascensor



O edificio de infantil verá mellorado o seu illamento térmico.

A Xunta abriu o proceso para contratar a instalación dun ascensor no edificio principal do colexio Castelao, situado no barrio do Paraíso (Ordes), así como a mellora da envolvente térmica do edificio das aulas de educación infantil.

O investimento, licitado por algo máis de 126.000 euros, foi

anunciado polo alcalde ordense nos últimos segundos do Pleno de setembro, xusto cando llo estaban confirmando desde o goberno autonómico, segundo comentou.

O ascensor é unha antiga demanda do centro e a mellora en infantil é unha “necesidade”, tal como admitiu o rexedor.

Mellora do pavimento no polígono de Oroso



O polígono industrial de Sigüeiro (Oroso) mellorará a pavimentación da rúa Otero Pedrayo e da avenida Álvaro Cunqueiro, ademais de substituír unha canle en Eduardo Pondal.

As obras foron licitadas polo Concello por un importe duns 102.000 euros, dentro dun plan autonómico para a adecuación deste tipo de infraestruturas.

O alcalde, Luís Rey, remarcou a necesidade das obras para unha área na que traballan máis de dúas mil persoas.

TRAZO

Apagan a tempo un lume nas candeas da igrexa de Santa Eufemia de Vilouchada

A rápida intervención dun grupo de veciños evitou que un lume na igrexa de Santa Eufemia, en Vilouchada (Trazo) puidese ir a máis. O incendio orixinouse no moble onde se



depositan as candeas. Ao percibilo, os particulares acudiron a apagalo e tamén avisaron os servizos de emerxencias. Protección Civil de Val do Dubra comprobou a extinción e ventilou o local, no que se producira unha gran fumareda. Non houbo danos persoais, pero si materiais porque ardeu o armario das candeas, unha balastrada empregada para resgardar unha imaxe e parte do confesionario.

NO Nº 48 DA RÚA DO RECREO DE ORDES. PEDIDOS AO 637 382 614 OU AO 663 604 837

Aínda non coñeces as paellas e as demais delicias do Nogar? Fai a túa encargada!

Para esas xornadas nas que non vai haber tempo para cociñar, para xuntanzas de amigos, para encontros familiares, para un capricho especial ou para o día a día... O Bar Nogar en Ordes ten á nosa disposición un formidable servizo de paellas -valencianas ou de marisco- por encargo, preparadas con produtos de primeira e unha destreza profesional encomiable. Bely e Jose, responsables do establecemento, encárganse de que as súas delicias cheguen ás nosas mesas nas mellores condicións. Quen as proba, repite.



Bely e Jose, responsables do Nogar, un bar repleto de sabor.

Redacción. Promocións.

Paellas e moito máis

A especialidade máis recoñecible do Nogar para as encargas son as paellas, tanto a clásica valenciana como de mariscos. Destacan polo tratamento dos arroces, sempre no seu punto e con todo o sabor. O cociñeiro é valenciano e aplica o saber, case ancestral, da tradición palleira mediterránea.


Non obstante, o establecemento ten aínda máis opcións para poder variar. A máis salientable é a fideuá, outra especialidade valenciana con moito protagonismo para o peixe e o marisco.

Como encargar?

Ter os teléfonos do Nogar na axenda é aconsellable en calquera momento, aínda máis para festas. Por exemplo, antes do que pensamos estaremos nas do Nadal e unha forma de sorprender os convidados é unha boa paella, unha fideuá de primeira división ou calquera outra especialidade da casa.

Os números de teléfono aos que se debe chamar para consultar as opcións que temos e para facer as encargas son o 637 382 614 ou o 663 604 837.

Hai que pedir como mínimo



cun día de antelación, supeditado á dispoñibilidade dos provedores do establecemento, pois a cociña traballa sempre con produto fresco. Isto é outra garantía plena de sabor e calidade.

Os pedidos mínimos son para catro persoas. No propio momento de encargar xa queda fixada a hora na que poderemos pasar

a recoller o pedido no local, que atende sempre coa máxima puntualidade. A formalidade e o trato agradable son señas da casa.

E se pasamos polo bar?

O Nogar é un templo da boa cociña. Sen artificios innecesarios, moi ben feita. Os seus callos son unha exquisitez. A variedade de

pinchos que podemos atopar no local de martes a domingo depara sempre gratas sorpresas. Son moi recomendables os boqueróns ao vinagre, os mexillóns ao vapor ou os mexillóns á vinagreta.

Ademais, os sábados pola tarde é o momento das filloas e os domingos pola mañá da coca valenciana. Verdade que hai que ir?

Petición para respectar os Plenos en Trazo

O PSOE de Trazo acusou á alcaldesa de non respectar as datas de celebración dos Plenos municipais e de “dificultar o acceso a documentación”.

Segundo este partido, aprazouse a sesión convocada para o 1 de outubro, á que en principio correspondíalle o 24 de setembro, aducindo prazos para a conta xeral.

Desde a oposición critican ao goberno por non ofrecerlles explicacións e considéranos unha falta de respecto ao seu labor fiscalizador. “Rematará facendo bo a Dafonte”, afirman sobre a alcaldesa, da que consideran que perpetra un “retroceso democrático” ao negarlles o acceso a información e documentación á que cren ter dereito.

ORDES Baixa na piscina a quen non pague

A piscina climatizada Iván Raña Fuentes, en Ordes, incorpora novidades no seu regulamento de funcionamento. A modificación foi aprobada no Pleno municipal cos votos a favor de todos os grupos políticos representados na institución.

Un dos principais cambios consiste en que se dará de baixa de maneira “inmediata” a usuarios ou usuarias que non paguen a cota durante dous meses.

Ademais, as parellas de feito poderán obter o abono familiar e estableceuse a preferencia para as persoas empadroadas no municipio de Ordes cando o acceso teña límite de prazos.

ORDES

Instan a alugar o antigo local da Cruz Vermella

O BNG de Ordes presentou un rogo en Pleno para instar ao goberno municipal a alugar a vivenda habilitada no inmoble que anos atrás utilizaba a Cruz Vermella en Queirúa.

Solicitan que se adxudique o aluguer social mediante un sistema de concorrencia competitiva, de maneira que sexa empregada por algunha familia que atravesese dificultades especiais.

Os nacionalistas lembraron que o local foi acondicionado en 2019 cun investimento de 44.000 euros. Desde entón non tivo uso, a pesar de que, segundo din, a subvención da reforma obriga ao aluguer social durante un mínimo de quince anos.

O alcalde explicou que as condicións desa obriga cambiaron e



O inmoble, situado en Queirúa, foi acondicionado en 2019.

que na vivenda aínda están pendentes algunhas dotacións de equipamentos e obras como o cambio da cuberta, que prevé en breve.

De todos os xeitos, Martínez Sanjurjo mantén que o propósito é que o inmoble estea canto antes á disposición de situacións de necesidade que detecten desde os Servizos Sociais.

ORDES Limpeza na rede de pluviais

A situación que presenta a rede de recollida de pluviais nalgúnhas rúas ordenses chegou ao Pleno Municipal. O BNG denunciou en concreto o que sucede en República Arxentina e no encontro de Rosalía de Castro coa prolongación dos Lagartos.

Tal como explican os nacionalistas, os sumidoiros “presentan entullos desde hai varios anos, sen que o goberno municipal fixese nada ao respecto”. Por iso, reclamaron retirar o material que obstrúe o paso da auga e requerirille á empresa responsable do servizo que efectúe revisións periódicas da rede de pluviais. O Bloque cre



que é algo que debería facerse sobre todo ao final do verán, antes de que comece a chover, e que en todo caso hai que “evitar a existencia de entullos durante varios anos”, feito do que xa levan advertido noutras ocasións, din.

O alcalde, José Luis Martínez Sanjurjo, contestou en Pleno que a petición efectuada polo Bloque “xa foi remitida á empresa concesionaria, Espina & Delfín”.

Os restos dificultan a retirada da auga da chuva.

Sinaturas en defensa da pediatría en Frades

Os socialistas de Frades anunciaron unha campaña de recollida de sinaturas por todo o municipio para reivindicar un servizo de Pediatría acorde ás necesidades da poboación.

Ao PSOE local parécelle que a especialidade préstase de maneira “deficiente” en Frades. Aseguran que xa a comezos de 2020 denunciaron as carencias mediante unha moción, rexeitada pola maioría do Pleno municipal. Por iso, acusan ao PP de ser “cómplice dos recortes da Xunta”, que valoran como unha ameaza para que as familias continúen vivindo no rural.

Ademais, presentan unha iniciativa no Parlamento de Galicia co mesmo propósito de contar cun servizo digno.

ORDES Poñen ao día as normas da canceira municipal

O regulamento da canceira municipal de Ordes foi adaptado á lei autonómica sobre protección e benestar dos animais de compañía. As modificacións foron aprobadas polo Pleno do Concello, co voto favorable de todos os grupos.

Un dos cambios implica que se elimine de modo definitivo a posibilidade de efectuar sacrificios de animais. É unha práctica moi pouco habitual pero que ata agora o regulamento permitía.

O grupo socialista fixo fincapé no tratamento de animais considerados perigosos, sobre todo no referente aos seguros de responsabilidade civil.

ORDES

A cúpula de Deus enfróntase a penas de cárcere por suposta evasión fiscal

Redacción. A Coruña.

Os dous matrimonios que estaban á fronte das empresas textís do grupo Deus máis o seu asesor fiscal enfróntanse a penas de prisión por unha presunta fraude no pago de impostos.

A Fiscalía pide ata 36 anos de cárcere para o asesor fiscal. No caso das parellas, as peticións varían desde os cinco anos e tres meses ata os 21 anos e tres meses, dependendo do grao de involucración nos supostos delitos.

O asunto xa foi tratado no xulgado de Ordes e agora dirime a Audiencia Provincial da Coruña, que a comezos deste mes de outubro retomou o proceso.



Protesta contra o ERE no grupo Deus polas rúas de Ordes en 2017.

A acusación sostén que tres empresas de confección non presentaron ningunha declaración tributaria en 2009 e en 2010, o que implica que neses exercicios non terían pagado nin o IVE nin o imposto de sociedades.

Unha das firmas, que no bienio dos supostos delitos facturou uns tres millóns de euros, non tería pagado uns 419.000 euros de IVE deses dous anos e algo máis de 128.000 euros de imposto de sociedades de 2010.

Outra, que tamén facturaba máis de tres millóns entre 2009 e 2010, tería defraudado 258.000 euros de IVE e uns 315.000 de imposto de sociedades sumando os dous anos.

E a terceira, que vendeu por valor duns catro millóns de euros no bienio, non tería ingresado na Axencia Tributaria os case 300.000 euros que lle correspondían do IVE nese período.

Se ben a Fiscalía non exime de responsabilidade aos dous matrimonios, a acusación ao asesor é maior por ser o “cooperador necesario” dos supostos delitos fiscais, deseñando o “mecanismo empregado para a comisión da evasión”, manifesta a acusación.

ACTIVIDADES OUTONO INVERNO

Información e inscricións:
981 695 567
www.frades.gal

CAMIÑO DE SANTIAGO

Remate da “Vía da Prata” coa 8ª etapa: Outeiro-Santiago nun sábado a determinar. Unha vez rematado, comezase co Camiño Inglés. Prezo: 10 euros/persoa.

CONCURSO FOTOGRAFÍA

Fotos de paisaxes do concello. Premiaranse 12 imaxes con 50€ e conformarán o Calendario do Concello de Frades 2022. A data límite: **25 de novembro**: biblioteca.municipal@frades.gal.

ANDAINA SOLIDARIA

A favor de Asotrame (Asociación Galega de Transplantedos de Médula Ósea). **31 de decembro**, de 15:30 a 18:00 h. Saída e chegada na Praza de Ponte Carreira. Inscricións: 5€.

ACTIVIDADES NENOS/AS

Escolas de fútbol sala. De balde. Mércores e xoves, 15:20-16:20 h. Polideportivo municipal.
Aeróbic-zumba infantil. 50€/curso. Martes, 17-18:00 h. Polideportivo.
Escolas de iniciación e perfeccionamento de patinaxe. 50€/curso. Luns, 17:15-18:30 h. Polideportivo municipal.
Debuxo e pintura. 10€/mes. Martes, 15:20-16:20 h. CPI de Ponte Carreira.
Pequebaile/xogos psicomotores. 50€/curso. Luns, 15:20-16:20 h. CPI.
Multideporte. 50€/curso. Venres, 15:20-16:20 h. Polideportivo municipal.
Mecanografía. 18€/mes. Xoves, de 16:30 a 17:30 h. Aula de informática.
Informática. 18€/mes. Martes, de 16:30 a 17:30 h. Aula de informática municipal.
ESCOLAS DE INGLÉS GET BRIT! 30€/mes (empadroados). Multiúsos de Frades. Martes e xoves. De infantil ata bacharelato. Inicio en novembro.

CURSOS

Apicultura, Poda e inxertos, Sulfatos ecolóxicos, Manipulación de alimentos, Google my Business, WhatsApp Business, Cociña, Benestar animal, Nutrición e dietética, Mozo de almacén, Conservación e envasado de alimentos, Arte floral, Cestería, Restauración e tapicería...

ACTIVIDADES ADULTOS/AS

PILATES Ponte Carreira Luns. 19:30 / 20:30 h. 20:30 a 21:30 h.
Multiúsos Frades Venres. 19:25 / 20:25 h.
Galegos Venres. 20:35 / 21:35 h.
Abellá Venres. 21:45 / 22:45 h.
XIMNASIA DE MANTEMENTO Parroquias. 12 persoas. Luns. 16:30 / 18:20 h. Venres. 16:30 / 19:20 h.
ZUMBA. Pendente horarios. Pavillóns de Ponte Carreira e Abellá.
TALLERES DE MEMORIA SENDEIRISMO INFORMÁTICA MECANOGRAFÍA

MAGOSTO E MAXIA

6 de novembro, 16:30 h. Multiúsos. David Maestro presenta o espectáculo de maxia “*Sofiando esperto*”. Despois, castañas asadas para as persoas participantes. Inscricións: ata o 3/11.

MUSICREQUES

Sábado 20 de novembro, 16:30 h. Multiúsos. “*Conta contos da terra, do ceo e do mar*”. Musicreques presenta contos de animais con música de piano e monicreques.

EXCURSIÓN A LUGO

30 de outubro, Visitas ao parque zoolóxico Marcelle Natureza, castro de Viladonga e Lugo. 30€ adultos e 20€ nenos (5€ máis non empadroados). Inclúe bus, xantar e entradas.

NAVARRA E A RIOXA

4, 5, 6 e 7 de decembro. 300€ (bus, 3 noites hotel 4 estrelas, comidas e guías) e 200€ (-12 anos). Pamplona, Tudela, Olite, Ujué, Sangüesa, Puente de la Reina, Estella e Santo Domingo da Calzada.

COMARCA

A Mancomunidade de Ordes desenvolve un programa de emprego coas especialidades de albanelería e carpintaría



A Mancomunidade de Ordes desenvolve un obradoiro de garantía xuvenil no emprego con participantes dos municipios da comarca que melloran as súas posibilidades de acceder a un traballo nos ámbitos da albanelería e da carpintaría.

A iniciativa prolóngase durante un ano e inclúe tanto formación teórica como práctica. A da especialidade de carpintaría e mobles, que se imparte en Oroso, foi visitada polo alcalde, Luis Rey, e polas concelleiras de Xuventude, Beatriz Rodeiro, e de Ensino, Isabel Fernández. Rey destacou a capacitación que o obradoiro dá á xente nova.

CERCEDA

Crean axudas municipais de 300 euros á natalidade

Redacción. Cerceda.

Cada criatura que naza ou sexa adoptada ou acollida en Cerceda poderá recibir unha axuda do Concello de 300 euros. A ordeanza que a regula foi aprobada en Pleno por unanimidade e o debate serviu para comentar a crise demográfica do ámbito rural.

O texto establece que cando menos un dos proxenitores, adoptante ou acolledor ten que figurar no padrón municipal no momento da solicitude. O menor deberá ser tamén empadroadado. Tales inscricións deberán manterse un mínimo de dous anos. Outra obriga relevante é a de estar ao día no pagamento de tributos.

Hai doce meses de prazo para

solicitar, e tamén conta para os casos que se producisen nos doce meses previos á entrada en vigor.

Incrementarase

O alcalde, Juan Manuel Rodríguez García, manifestou que as axudas establécense de maneira “experimental” para avaliar a súa acollida. Para novas convocatorias prevé incrementar a contía e facela progresiva, en función de parámetros como a renda.

O rexedor reflexionou sobre a perda de poboación no rural. Admitiu que Cerceda non se libra pero destacou que resiste mellor que a media galega, cunha perda municipal do 9% en vinte anos fronte ao 18% xeral. Rodríguez fixo fincapé en que as comunica-

cións “son arma de dobre fío”, pois dan competitividade pero tamén propician que a xente vaia mercar ou traballar fóra. E advertiu de que os fondos da transición xusta que se logren serán determinantes para fixar poboación.

Francisco Santos (PP) considerou escasa a contía e pediu partir dunha cifra superior. Concordou en que a axuda de por si non propicia a decisión de ter descendencia. E pediu aproveitar os futuros fondos mellor que os do Miner.

Alberte Sánchez (BNG) tildou de “paupérrima” a axuda e incidiu en que a falta de servizos ou dun maior apoio ao comercio impide manter habitantes. Reclamou acordar entre todos os partidos unha serie de medidas mínimas.

Un tractor rosa para contribuír á loita contra o cancro de mama e reivindicar máis concienciación sobre a doenza



A clásica cor dos tractores da marca Landini mudou a rosa no caso do que utilizan na Casa Grande de Xanceda como xesto para contribuír á loita contra o cancro de mama. A granxa ecolóxica de Mesía difundiu un vídeo a través das súas redes sociais co propósito de que a sociedade o comparta e chegar así a doar ata mil euros á Asociación Española Contra o Cancro en Ordes, destinados a investigación e prevención.

Desde a Casa Grande fan fincapé na necesidade de sensibilizarnos sobre a enfermidade e concienciarnos para a súa detección a tempo e control. Especialmente no rural, onde observan máis carencias na atención primaria ou máis falta de información.



Graffiti xigante para o Día da Muller Rural

A celebración do Día da Muller Rural tivo o epicentro na comarca na granxa ecolóxica Casa Grande de Xanceda, en Mesía. A artista ordense Nana preparou un graffiti de cinco metros de alto con vinte

catro pacas de palla e usando técnicas e materiais sostibles. As protagonistas son Amparo e Susana, encargadas de muxir e de manexar as vacas na granxa. Desde Xanceda afirman que “o rural galego sería

impensable sen as mulleres rurais”. A firma ten un cadro laboral de 50 persoas, un 61% mulleres, e elas asumen un 58% de postos de mando. Sinalan como reto máis servizos públicos de conciliación.

ORDES

Martínez, vicesecretario territorial do PP coruñés

Redacción. Comarca.

O alcalde de Ordes, José Luis Martínez Sanjurjo, é un dos doce vicesecretarios territoriais do novo comité executivo do PP na provincia da Coruña, que continúa presidido por Diego Calvo.

Destaca tamén a presenza de Susana García, concelleira en Ordes e persoa do círculo directo de Calvo, como coordinadora da área de atención ás persoas afiliadas ao partido na provincia. E xa como vogais electivos figuran o fradés Roberto Rey, o tordoiés Antonio Pereiro e a tracense Josefina Suárez.

Calvo foi reelixido co 96% dos apoios. A súa era a única candida-



Diego Calvo foi reelixido como presidente do PP na provincia.

tura presentada. Reclamoulle “xenerosidade, integración e máximo esforzo” aos seus compañeiros e compañeiras para “seguir suman-

do” e reforzar o partido na provincia. No seu XVI Congreso participaron, entre outros, o secretario xeral do PP, Teodoro García Egea.

ORDES

María Concepción Berdomás, nova concelleira socialista na Corporación de Ordes



María Concepción Berdomas García é nova concelleira da Corporación de Ordes. Forma parte do PSdeG-PSOE e coa súa toma de posesión, no Pleno de finais do mes de setembro, reempraza a Fernando Viqueira Nouche, candidato á Alcaldía do partido en 2019 que este verán deixou a política.



Envorca un camión na AC-223

Un camión que transportaba uns douscentos porcos envorcou na estrada autonómica que vai das Travesas a Xanceda, a sinuosa AC-223. O sinistro, no que o conductor resultou ferido leve, produciuse a tarde do 20 de outubro na zona limítrofe de Carral e Abegondo. Morreron uns corenta animais. O resto foron desaloxados polos Bombeiros de Ordes a unha nave da zona.



O vehículo ía cargado con porcos e parte deles pereceron (imaxes: Bombeiros de Ordes)

SEGUROS

Cristín

O TEU SEGURO MAIS BARATO!!

Mellorámosche o prezo do teu seguro... SEGURO!!

As mellores coberturas e prezos nas mellores compañías

- VEHÍCULOS
- SAÚDE
- FOGAR
- ACCIDENTES
- COMUNIDADES
- VIDA
- EMPRESAS: rc, convenio, locais, naves ...

Aforra e paga menos polos teus seguros!!!

SEGUROS **Cristín** ☎ 981 681 400 @seguros@cristin.org

Av. Alfonso Senra, 135 - ORDES 📱 673 843 125

O municipalismo teme a suba do recibo da auga

Redacción. Santiago.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) ten a mosca detrás da orella nada máis coñecer as pretensións da Xunta coa futura *Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga*, de momento en fase de anteproxecto.

Segundo estiman os técnicos da entidade, a norma podería incrementar nun 60% o recibo da auga nunha familia media de tres integrantes cun consumo duns 39 metros cúbicos.

A Fegamp, presidida polo alcalde de Vilagarcía, Alberto Varela, amosou a súa preocupación e solicitou non precipitarse coa lei e “chegar a unha solución consensuada”, pois co texto presentado mesmo aprezan inxerencia nas competencias das deputacións.



Reunión entre a Fegamp e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Nunha reunión, Varela trasladoulle as inquedanzas á conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, que negou que os cambios que planean introducir coa nova lei cheguen a supoñer un encarecemento significativo para o recibo das familias.

No ámbito do debate entre partidos, Ana Pontón (BNG) cargou contra o anteproxecto presentado pola Xunta: “o que nos faltaba era que Feijóo nos subise o recibo da auga”, afirmou. Pedro Puy (PP) rexeitou tal interpretación e valorou a lei como unha mellora.

ORDES

A taxa da auga potable e dos sumidoiros subirá un 1,3% en 2022, o mesmo que a evolución xeral dos prezos

O Pleno do Concello de Ordes aprobou por unanimidade a posta ao día das taxas municipais pola prestación do servizo de auga potable e dos sumidoiros. Isto implica unha suba do 1,3% para 2022, pois a actualización aplícase de acordo coa evolución do Índice de Prezos ao Consumo (IPC). En concreto, tómase como referencia a alza entre marzo de 2020 e marzo de 2021.

A modificación do importe do recibo figura no contrato coa empresa concesionaria, polo que a medida aprobada non deixa de ser un trámite formal para efectuar o cambio nas ordenanzas fiscais que regulan as taxas para os servizos públicos de abastecemento e de saneamento.

Se ben ningunha formación política se opuxo á actualización do importe, varios edís aproveitaron que o asunto formaba parte da orde do día da sesión para reclamarlle á empresa concesionaria do servizo unha mellora na calidade da auga que chega ás empresas e vivendas. Con certa frecuencia presenta turbidez en diversos lugares do municipio, en especial despois de que chova, pero non só.




A Xunta cómpralle un coche a Frades e a Ordes para tarefas de protección da natureza

Os Concellos de Frades e de Ordes recibiron un vehículo para o servizo de protección do ambiente e do espazo natural. O coche, un todocamiño híbrido enchufable, foi adquirido pola Xunta con 35.400 euros do chamado Fondo de Compensación Ambiental.

A unidade, con cinco prazas, tracción 4x4 e equipada con gancho para remolque, entregouse nun acto

en Ordes ao que acudiu a directora xeral de Administración Local da Xunta, Natalia Prieto, acompañada polos alcaldes de Ordes, José Luis Martínez, e de Frades, Roberto Rey, entre outros. Unha das vantaxes que destacaron do vehículo é que poderán chegar antes ás zonas de difícil acceso nas que o persoal desenvolve as súas tarefas de coidado do medio natural.



Vertido de lixo en Mercurín

Veciños de Mercurín (Ordes) amosaron o seu enfado polo vertido acacido nunha das estradas da parroquia. Persoas que aínda non identificaron tiraron persianas vellas, tanto as láminas como as caixas que ocultan os mecanismos. A veciñanza lamenta estes comportamentos e pide usar o Punto Limpo.

OROSO

A fonte da Santiña non pertence ao Concello

Redacción. Oroso.

A emblemática Fonte da Santiña en Deixebre (Oroso), situada ao pé do Camiño Inglés e tamén da AP-9, non está en terreos de propiedade municipal. Ata non hai moito pensábase que era así pero o expediente de deslinde iniciado polo Concello serviu para constatar que son do Estado.

A principios de 2020 o goberno local decidiu fixar o deslinde da parcela, que figuraba no inventario municipal de bens sen que constase a súa extensión. Os trámites chegaron en decembro ao Pleno, que deu luz verde a efectuar o procedemento.

Pero a Demarcación de Ca-



Fonte da Santiña en Deixebre. Imaxe cedida por Manuel Pazos.

reteras del Estado, nun informe do pasado marzo, explicou que os terreos foran expropiados para a autoestrada o 20 de xullo de 1976, dentro dunha parcela de 1.670

metros cadrados. A comezos deste pasado verán Carreteras remitiulle ao Concello a documentación que acreditaba tal feito e que foi verificada polo arquitecto municipal.

Baixa no inventario

Así as cousas, ao ver que pretendía delimitar unha propiedade allea, a Corporación optou por unanimidade hai unhas semanas darlle carpetazo ao deslinde e dar de baixa o terreo no inventario.

Con todo, no seu informe de marzo Carreteras propoñía delimitar a partir do borde do noiro da autoestrada e que a zona de dominio público deixase de formar parte dos terreos expropiados para construír a AP-9.

ORDES-FRADES

O muíño novo do río Mercurín será rehabilitado para potenciar a ruta fluvial



O muíño novo no río Mercurín, en Vilaverde (Ordes), será rehabilitado cun investimento de 30.000 euros achegados pola Xunta con axudas para mellorar infraestruturas turísticas.

Tamén se potenciará a ruta polo río, segundo se explicou nunha visita á zona do delegado provincial da Xunta, Gonzalo Trenor, acompañado polo alcalde, José Luis Martínez Sanjurjo, e outros edís.

No resto de municipios da comarca, a convocatoria beneficia tamén a Frades, que poderá gastar case 19.000 euros na "recuperación e a dixitalización da sala etnográfica: agricultura, gandería e fogar", segundo a nominación do proxecto que figura na concesión das axudas.

Eliminado un vertido de residuais ao Tambre.

Unha inspección de Augas de Galicia localizou un punto de vertido de augas residuais ao río Tambre

procedente dunha rede de augas pluviais de Sigüeiro (Oroso), na que se producían infiltracións desde a rede de saneamento. O organismo autonómico puxo os feitos en coñecemento do

Concello de Oroso, que acondicionou o tramo colector da rede de saneamento e reparou as infiltracións nos pozos de pluviais. Unha nova inspección de Augas constatou o cese do vertido.

Sen pesca en Vilagudín

A pesca no encoro de Vilagudín, entre Cerceda, Ordes e Tordoia, mantense en veda a raíz do episodio de mortandade de decenas de aves a comezos de setembro. As autoridades investigan as causas.

ESPECIAL CALENDARIOS 2022 ¡TOTALMENTE PERSONALIZADOS!

APROVECHE NUESTRO BONO DESCUENTO DEL 5% EXTRA

CÓDIGO: CALENDARIOS2022
A APLICAR EN EL CARRITO DE COMPRA

TRIANGULAR 21X11 CM AUTOMONTABLE
Desde 100u. **78⁵⁰** € IVA INCL.

CAJA CD GRANDE O PEQUEÑO
Desde 20u. **35⁰⁹** € IVA INCL.

BOLSILLO LAMINADOS
Desde 500u. **65⁵⁰** € IVA INCL.

ESCRITORIO PLANIFICADOR A3
Desde 50u. **151²⁵** € IVA INCL.

SOBREMESA 21X10,5 CM DE 13 LÁMINAS
Desde 50u. **99⁵⁰** € IVA INCL.

...Y MUCHOS MODELOS MÁS!

LAVANDERIAS CABALLEROS BLANCO AUTOSERVICIO

Lavado con **OXÍGENO ACTIVO** DESINFECTANTE

LAVE Y DESINFECTE SU ROPA AL MEJOR PRECIO

EN MENOS DE **1 HORA** LAVA Y SECA TODO TIPO DE ROPA

DOSIFICA AUTOMÁTICAMENTE JABÓN y SUAVIZANTE

SISTEMA ANTIARRUGAS

C/ RAMÓN FERREIRO, 1 ORDES

LAVA POR **2,70€**

SECA POR **1,80€**

COMARCA

A Mancomunidade manexa un orzamento superior aos dous millóns de euros durante o exercicio de 2021

A Mancomunidade de Ordes manexa neste exercicio de 2021 un orzamento de 2.037.000 euros. As contas non recibiron aprobación definitiva na asemblea da entidade supramunicipal ata avanzado setembro, pois tivo que resolver unha alegación presentada na exposición pública.

O organismo supramunicipal dedica practicamente a metade do seu diñeiro a pagarlle ao persoal. Son case 1.005.000 euros para un cadro integrado por 25 persoas, catro para administración e as restantes para o ámbito da acción social.

O segundo capítulo de gasto máis relevante, cuns 981.000 euros, é o destinado a bens correntes e servizos, cos que garantir o funcionamento diario da Mancomunidade. En transferencias correntes empréganse 50.000 euros e para gastos financeiros reservan 1.000 euros. O organismo non utiliza recursos para investimentos reais.

Nos ingresos, case todo o diñeiro procede de transferencias correntes (1.931.000 euros). Non recada impostos pero si uns 105.000 euros dentro do capítulo de taxas e outros ingresos.

OROSO

O PSOE defende o reforzo da financiación municipal

Redacción. Oroso.

Maior apoio financeiro aos Concellos, en especial os de menor tamaño, e persoal suficiente na atención primaria. Son as dúas principais reivindicacións ante a Xunta de Galicia que efectuou o PSdeG-PSOE durante unha visita do seu secretario xeral, Gonzalo Caballero, a Oroso, acompañado polo alcalde, Luis Rey.

Caballero explicou que os Concellos están “afogados” por mor do “impacto da crise e o abandono do goberno galego”, dixo. O líder dos socialistas galegos incidiu en que a Xunta recibiu mil millóns de euros adicionais a raíz da crise pandémica, fondos cos que debería priorizar o apoio ás entidades locais.



Luis Rey (esquerda) e Gonzalo Caballero na súa visita a Oroso.

O alcalde, Luis Rey, fixo fincapé nas deficiencias do centro de saúde de Sigüeiro. Os socialistas queixáronse de novo de que a pro-

pia atención telefónica funciona mal e de que faltan facultativos e especialistas para evitar listas de agarda na atención primaria.

TORDOIA

Falece por unha caída desde o tellado

Un home de 83 anos de idade faleceu despois de caer do tellado dunha vivenda na aldea de Vilasal, pertencente á parroquia de Anxeriz (Tordoia).

Foi no mediodía do pasado 7 de outubro. Persoas que estaban alí solicitaron asistencia médica urxente ao ver que quedara inconsciente tras a caída.

Mobilizouse o helicóptero medicalizado con base en Santiago, entre outros servizos de emerxencias e forzas de seguridade. Pero ao chegar ao lugar só puideron confirmar a morte.

A vítima efectuaba tarefas nun recinto da súa propiedade cando se produciu o accidente.

OROSO

Destrozos no Carboeiro nunha ‘noite de festa’



Diversos danos ocasionados no mobiliario do paseo fluvial.

Unha suposta festa nocturna na madrugada do 9 ao 10 de outubro rematou con danos no mobiliario urbano do paseo do Carboeiro, en Sigüeiro (Oroso). Un colector de lixo arrincado da súa base ou un banco de madeira tirado ao cauce do río son algúns dos danos acreditados polas imaxes que un lector remitiu a Primeira Noticia. As áreas lúdicas son a miúdo as principais afectadas por este tipo de accións vandálicas.

ORDES

Feridos ao bater dous coches en Leira

Dúas persoas resultaron feridas nun accidente de tráfico a primeira hora da mañá do 15 de outubro en Leira (Ordes).

O sinistro, na N-550 ao seu paso pola parroquia, consistiu nunha colisión frontal entre dous coches. Como consecuencia do impacto, un home non podía saír dun dos vehículos ao quedar atrapado entre o volante e o asento.

Os Bombeiros de Ordes acudiron a excarcerar a vítima para poder trasladala ao centro hospitalario de referencia.

Outra persoa, que viaxaba no outro coche implicado, resultou ferida leve.

FRADES - MESÍA

Punto limpo 'porta a porta'

Redacción. Comarca.

A distancia, un dos principais obstáculos para boa parte da xente á hora de utilizar o punto limpo de Frades e de Mesía, deixará de ser un problema en 2022.

A Xunta apoia con 70.000 euros a activación dun punto limpo móbil o vindeiro ano, que complementará o fixo que se ubica en Cértigos (Frades), na zona limítrofe con Boado (Mesía).

Deste xeito, a recollida de residuos especiais que non poden ir parar aos colectores convencionais poderá efectuarse porta a porta, ou cando menos parroquia a parroquia. Os detalles do novo servizo irán coñecendo nos vindeiros meses.

A axuda concedida por Medio Ambiente foi anunciada pola



Visita da conselleira de Medio Ambiente ao punto limpo de Frades e de Mesía.

conselleira, Ángeles Vázquez, nunha visita ao actual punto limpo, acompañada polos alcaldes de Frades, Roberto Rey, e de Mesía, Mariano Iglesias, e a xerente da empresa Grupo CercedaSol, Montserrat Rivas, entre outros.

Os rexedores agradeceron o apoio económico e agardan que o novo sistema comece a aplicarse o antes posible, coa intención de xestionar mellor os residuos máis problemáticos e mellorar así o coitado do medio natural.

CERCEDA

A Deputación mantén o servizo de asesoramento enerxético

Redacción. A Coruña.

Cerceda seguirá contando cos servizos da oficina da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), que permite que a cidadanía de toda a provincia se informe sobre a factura eléctrica, o bono social e o aforro e eficiencia enerxética.

A Deputación asume con 50.000 euros o 80% do custo do servizo, que dispón doutra oficina máis nas Pontes. O convenio de financiación foi asinado polo presidente provincial, Valentín González Formoso, e a deputada Cristina Capelán, tamén concelleira en Cerceda.

Formoso, que tamén exerce como presidente da FAEPAC, destacou que a entidade leva xa "quin-



Valentín González Formoso, presidente, e Cristina Capelán, deputada.

ce anos facendo un traballo fundamental para contribuír a eliminar a pobreza enerxética e reducir as emisións de CO2 e doutros gases contaminantes".

O funcionamento das oficinas permite ademais identificar ví-

timas de pobreza enerxética. En colaboración dos servizos sociais dos municipios, analiza as posibles ferramentas e axudas existentes para cada caso, efectúa auditorías enerxéticas nos fogares afectados e busca medidas correctoras.

ORDES

Mobilizan case 390.000 euros para obras da rede viaria nas parroquias de Ardemil, Lesta e Mercurín



Intervención prevista en Ardemil, do Brumeiral á Cruz.

O Concello de Ordes sacou a concurso un proxecto, valorado en case 390.000 euros, que inclúe cinco obras diferentes na rede viaria das parroquias de Ardemil, Lesta e Mercurín.

En Ardemil, o previsto é reparar o camiño desde a estrada N-550 no Brumeiral á Cruz, pasando pola canteira. Aplicarán grava e tratamento asfáltico, ademais de aglomerado en algo máis dun quilómetro. Tamén se ensanchará un tramo de 400 metros nas dúas marxes e instalarán 32 metros de barreiras de seguridade na contorna da ponte.

En Lesta, beneficiarase dos arranxos a pista de Agromaior, nuns 360 metros. Será ensanchada polos dous lados nun tramo de 175 metros. Na mesma parroquia, no acceso aos Abeneiros-Penedas, afirmarán con formigón logo de retirar o pavimento existente e de aplicar grixo en 60 m.

Ademais, na pista que vai das Pereiriñas ata o desvío a Pepín e á estrada AC-409 efectuarán tarefas de reparación de fochas e asfaltado. En total serán máis de 2,8 quilómetros nos que ganarán 0,75 metros por cada marxe. En determinados lugares colocarán 130 metros de barreira de seguridade e outros 12 metros de varanda galvanizada.

E en Mercurín o proxecto servirá para aplicar aglomerado en tres treitos de 540, de 230 e de 845 metros no acceso e no núcleo de Pepín, así como instalar unha tubaxe de 140 metros para a recollida de pluviais e 5 arquetas de sumidoiro.

O Concello de Ordes explicou que en todas as obras serán limpadas as gabias e que pretenden recuperar a sección hidráulica mediante a instalación de tubaxes ou arquetas que garantan unha correcta evacuación do líquido, así como a colocación de sinalización viaria.

O proceso de licitación fixou para o 26 de outubro o derradeiro día para que as empresas interesadas presenten as súas ofertas para facerse co contrato. A partir de aí haberá que determinar cal é a máis vantaxosa, formalizar a adxudicación e executar as obras programadas.

COMARCA

A Vía Verde xa empeza a madurar

Redacción. Comarca.

Cada vez parécese un pouco máis ao que será. As obras da Vía Verde entre Cerceda e Santiago xa permiten adiviñar a esencia da futura infraestrutura lúdica, que na comarca percorre territorio de Cerceda, Tordoia, Ordes e Oroso seguindo o trazado da antiga liña ferroviaria.

O certo é que hai moita curiosidade por ver o resultado final e é bastante habitual que persoas movidas por ese interese se acheguen a observar os cambios. A Vía Verde é especialmente agardada no ámbito ciclista, que poderá contar con máis de 36 quilómetros ben acondicionados para dar pedal sen o risco que supón facelo por estradas convencionais.

Tal vez por saciar esa intriga, tanto o Concello de Oroso como o de Ordes difundiron nas últimas semanas imaxes da evolución dos traballos nos seus tramos. Oroso non dubida en asegurar que “avanzan a moi bo ritmo” e confía en que en pouco tempo a Vía Verde estea finalizada. A Deputación adxudicou en febreiro todos os tramos, agás o de Santiago, cun prazo de execución de dez meses.

Atractivos en cada tramo

Ademais dos 572.000 euros polos que se contratou o tramo correspondente ao municipio de Oroso, desde o goberno local reiteran que crearán un carril-bici para ir desde Sigüeiro ata a Vía Verde. Haberá así unha comunicación directa desde a capital de Oroso para despois poder chegar tanto a Santiago, por un extremo, como a Cerceda, polo outro.

En Ordes valoran tamén a dinamización deportiva e turística que traerá o proxecto, coas obras bastante adiantadas no seu tramo. Neste caso o importe dos traballos ascende a case 397.000 euros.

Un dos puntos de maior interese no municipio ordense será seguramente a antiga estación da



Pontraga, dotada dunha arquitectura moi singular e recuperada paulatinamente nos últimos anos. Resta por definir o uso que recibirá o edificio, pero non cabe dúbida de que a súa contorna, un espazo lúdico amplo a carón dun meandro do Lengüelle propicio ao baño, será unha parada predilecta para quen utilice a Vía Verde.

O treito de Tordoia e Cerceda, contratado en conxunto por un valor de case 524.000 euros, abre tamén importantes expectativas nas dúas localidades. En Tordoia, que contaba no seu día cun pequeno apeadoiro en Gorgullos, a Vía Verde pasa especialmente cerca do encoro de Vilagudín, o que servirá de acicate para incrementar as visitas ao espazo natural.

En Cerceda o itinerario preparado para camiñantes e ciclistas chega practicamente á porta do parque acuático, entre outros puntos de interese lúdico, cultural e turístico que presenta a localidade. Para os máis aventureiros, esa

proximidade ao Aquapark facilita un plan de xornada completo, económico e sano. Calquera poderá saír coa súa bicicleta desde Santiago, desde Sigüeiro, desde Ordes ou desde calquera outro punto da Vía Verde para pasar o día nas atraccións acuáticas e ao final da tarde emprender o camiño de volta.

Características

A Vía Verde distribuirá o seu ancho nunha banda de metro e medio para uso peonil e outra de dous metros para uso ciclista. O itinerario estará dotado de drenaxes e tamén se acometen obras complementarias como muros e noiros, instalación de varandas en pontes e viadutos e iluminación de túneles activada por presenza. Adecuarán áreas de descanso, con bancos e mesas de madeira así como estacións aparcabiscis. O proxecto inclúe tamén carteis de contextualización ferroviaria, eco-contadores e cargadores para bicicletas eléctricas.

Anos de xestión encamiñada pola Deputación con fondos europeos

A figura da Vía Verde, bastante coñecida noutras partes de España desde 1993 pero pouco explorada en Galicia, empezou a ser unha idea recorrente desde o mesmo día en que entrou en funcionamento a liña de alta velocidade do Eixo Atlántico e os trens deixaron de pasar pola vella vía de Santiago á Coruña.

Aínda que mentres non se desmontaron os raís non se perdeu a esperanza de recuperar algún servizo de cercanías, o certo é que xa antes de desaparecer o ferro a iniciativa comezou a circular polos despachos das institucións.

O exalcalde de Oroso, Manuel Mirás, definiuse neste proceso como o principal defensor e impulsor da Vía Verde, a primeira proxectada en Galicia e a de maior lonxitude. Mais durante anos as súas xestións atoparon máis tropezos e atrancos que un eco receptivo. Levou tempo e esforzo desbloquear procedementos, e mesmo actitudes, en organismos como Fomento, o ADIF e seguramente tamén nalgunha institución local. Na Xunta de Galicia, en aparencia, nunca foi unha idea que espertase demasiado interese.

Pero pouco a pouco o proxecto pasou a ser un ‘*si pero non*’, con cada vez máis xente que dicía apostar pola iniciativa pero sen que a documentación, e moito menos a financiación, se visen avanzar.

Nos últimos anos o panorama despexouse ao tomar a batuta a Deputación, armada con fondos europeos, en estreita colaboración cos cinco Concellos. A Vía Verde encaixa á perfección cos proxectos de mobilidade sostible impulsados pola entidade en toda a provincia. Cando se inaugure terán pasado case dúas décadas nas que todo foi aínda máis lento que o vello tren.

A plataforma da futura Vía Verde comeza a estar asentada e nos vindeiros meses recibirá o pavimento de superficie final.

FRADES

Novos vestiarios no Vedral

O campo de fútbol da parroquia de Abellá (Frades), situado no Vedral, conta xa cuns vestiarios máis amplos e renovados. As obras acometidas neles custaron algo máis de 48.000 euros, dos que a Xunta pagou 35.000 e o resto o Concello.

O secretario xeral para o Deporte da Xunta, José Ramón Lete, e o alcalde, Roberto Rey, entre outros, achegáronse a comprobar o resultado. A intervención serviu para gañar espazo e eliminar as filtracións de auga desde a cuberta que padecía o local.

Ademais da nova cubrición, con panel tipo sandwich, o local



foi impermeabilizado. Dentro, retiráronse as divisións previas e instaláronse outras, creando unha zona nova de lavandería.

Tamén se instaláron portas de acceso novas, mobiliario, nova rede eléctrica ou unha baixante para as augas pluviais.

Visita do secretario xeral para o Deporte ao campo de Abellá.

COMARCA

Roubos en garaxes de Ordes e de Sigüeiro

Nas últimas semanas os municipios de Ordes e de Oroso sufriron unha vaga de roubos. Afectaron tanto na vila de Ordes como en Sigüeiro a garaxes comunitarios e tamén algunha vivenda.

Ata media ducia de intrusions producíronse en rúas como a das Campeiras ou Alfonso Senra, en Ordes, nas datas da ponte do Pilar. Tal como relatou unha das persoas afectadas a Primeira Noticia, o obxectivo preferente destas accións foi diñeiro no interior de vehículos.

Recoméndase non deixar nada de valor no coche e avisar ás forzas de seguridade de calquera movemento sospeitoso.

Oroso: Pleno extraordinario

En Oroso, a situación levou ao PP a solicitar un Pleno extraordinario para intentar acordar unha serie de melloras na seguridade. Cre "urxente" que o Ministerio do Interior reforce o plantel da Garda Civil no municipio, que a Xunta acelere o proceso de selección dun novo policía local e que o Concello cree a Xunta Local de Seguridade para paliar o "déficit claro" na materia, do que avisa hai anos.

OROSO

Lavado de cara para o tramo local do Camiño Inglés

O tramo do Camiño Inglés ao paso polo municipio de Oroso recibiu unha serie de intervencións durante as últimas semanas. Destaca a instalación de elementos para o descanso, novas zonas para o resguardo nas paradas de autobús ou mobiliario para camuflar colectores de lixo.

Outras accións relevantes fo-

ron a limpeza e rehabilitación da Fonte da Santiña, na parroquia de Deixebre, e de lavadoiros próximos ao itinerario peregrino.

O alcalde, Luis Rey, xustificou a relevancia destes traballos en que o Camiño Inglés é cada vez máis utilizado non só polos camiñantes que van a Santiago senón tamén por veciñanza que pasea



a diario. O concelleiro de Turismo, Antonio Leira, engade que esta acción procurou incentivar o atractivo turístico do Camiño e da súa contorna natural.

Lavadoiro rehabilitado ao pé do Camiño.



RAFRA: asesoría de empresas, particulares e correduría de seguros; INFORMÁMOSLLE que debido ao COVID-19, en RAFRA tomamos todas as precaucións sanitarias. Por elo, evite, na medida do posible, as visitas presenciais e utilice o Tf. 981688900 ou o correo, info@rafra.com

RAFRA, a túa marca

CAMIÑO REAL, 11 BAIXO – SIGÜEIRO 981.688.916 981.688.917

Séguenos en [f](https://www.facebook.com/rafra.com) [t](https://www.twitter.com/rafra.com) rafra.com info@rafra.com



TRAZO

A Deputación prevé reparar dúas estradas locais danadas por mor da construción dunha ponte sobre o Gatofero



A Deputación prevé investir uns 140.000 euros en reparar dúas estradas locais de Trazo prexudicadas polo desvío de tráfico durante a construción dunha ponte sobre o rego Gatofero. A sinatura dun convenio co Concello para tal fin será aprobada no Pleno provincial deste venres 29 de outubro, segundo adiantou o PSOE de Trazo, agracedido co compromiso da entidade provincial. Unha das estradas é a que vai desde a DP-7804 en Ponte Albar ata Chaián (2,4 km). A outra comeza no cruce en Chaián e chega á ponte sobre o Tambre (1,3 km).

TORDOIA

Instalan nova superficie de caucho arredor da piscina

Redacción. Tordoia.

A utilización da piscina municipal de Tordoia, situada na Pontepedra, gaña en seguridade e comodidade coa última obra acometida nas instalacións. Custou uns 39.000 euros, financiados entre o Concello e a Xunta.

O investimento consistiu en cubrir a contorna do vaso cunha nova superficie de caucho, un material blando e resistente que evita esvaramentos, ademais de colocar un borde de pedra pulida.

As instalacións foron visitadas hai uns días polo secretario xeral para o Deporte da Xunta, José Ramón Lete, acompañado polo alcalde de Tordoia, Antonio Pereiro,



Piscina municipal de Tordoia, situada na zona da Rega na Pontepedra.

e polo xefe provincial de servizo, Roberto García.

O rexedor efectuou unha valoración moi positiva deste novo investimento, que segundo el de-

mostra “o compromiso da Xunta co noso concello, onde se están a facer actuacións a nivel educativo, social e de infraestruturas”, comentou Pereiro.

**Matrícula abierta
Curso 2021-22**

Si tienes 2 o más hijos, aunque el primero no necesite la escuela infantil, para el segundo y posteriores **LA ESCOLARIDAD ES GRATUITA**

Escuela infantil conveniada  XUNTA DE GALICIA

trastes

Centros de Educación Infantil

My First School 

Visita el centro,
sin compromiso



981 690 944
669 956 427

Rúa do Deporte 10. Sigüeiro.
oroso@escuelainfantiltrastes.es
www.escuelainfantiltrastes.es

Oroso acondiciona as súas instalacións deportivas para a volta da competición

Redacción. Oroso.

Diversas infraestruturas para a práctica de deportes en Oroso recibiron unha serie de melloras para acondionalas no retorno das competicións unha vez superado o máis grave da pandemia.

Unha das intervencións máis significativas foi a mellora da iluminación en varias instalacións, entre elas o campo de béisbol. Acometéronse tamén reformas na pistas de taekwondo e de tenis da parroquia de Deixebre.

Tamén repuxeron o céspede no campo de fútbol de Vilarromariz, mentres que no de Sigüeiro instalouse unha caseta para a venda de entradas. No polideportivo, crearon unha pasarela para o acceso entre gradas máis instalaron un

palco polivalente, útil para ubicar tanto xuíces deportivos como autoridades. E a sala polivalente conta con novos vinilos que procuran evitar problemas coa luz.

Seguirán nos vindeiros meses

O goberno asegura que este tipo de iniciativas continuarán nos vindeiros meses e destaca que responden ás demandas que as entidades deportivas trasladan no seu contacto constante.

O alcalde, Luis Rey Villaverde, precisa que as diferentes melloras “dan continuidade ao noso plan para renovar e mellorar o conxunto das infraestruturas de ocio e deporte en todo o municipio”.

Para o concelleiro de Deportes, Antonio Leira, o que se buscou foi “favorecer a práctica deportiva e



A pista de tenis en Deixebre é un dos equipamentos mellorados.

a comodidade dos espectadores”. Leira sitúa o fomento dos hábitos de vida saudables como “unha prioridade para o noso grupo de goberno, polo que queremos que os veciños conten coas mellores

infraestruturas posibles”, dixo o edil encargado da materia.

O executivo local agradeceu “o esforzo e colaboración dos clubs”, que xulga beneficiosa para o conxunto da veciñanza.

Puntos de reparación de bicicletas de uso libre e parque de calestenia en Sigüeiro

Outras novidades relacionadas coas instalacións deportivas en Oroso son a instalación de dous puntos de reparación de bicicletas e un parque de calestenia en Sigüeiro.

Os puntos de reparación de bicicletas situáronse nas inmediacións do polideportivo e da piscina. Son de libre

uso e permiten inflar rodas e reparar pinchazos, entre outros arranxos. Teñen un código QR de acceso ás instrucións completas de uso.

O parque de calestenia, a carón da piscina e do Carboeiro, conta con varios elementos estáticos cos que efectuar exercicios para gañar forza muscular.



O alcalde e o concelleiro de Deportes, observando as novas instalacións.





CAFÉ BAR



NOGAR

Paellas valencianas y de marisco por encargo

C/Recreo 48 bajo.
 ☎ 637 382 614 - 663 604 837
 15680 Ordes



Flores ABELLÁ

Coronas
Centros
Ramos
Arreglos
Plantas

Ordes: 981 680 301
 Móvil: 659 843 518

Frades convoca un concurso de fotos

O 25 de novembro remata o prazo para presentar propostas no concurso de fotografía de paisaxes co que o Concello de Frades pretende elaborar o seu calendario de 2022.

Pode participar calquera, se ben menores de dezaseis anos terán que presentar autorización de persoa adulta responsable. Pódense presentar ata tres imaxes, todas de paisaxes do municipio, inéditas, en cor ou en branco e negro, en formato horizontal, sen manipulacións, dun máximo de cinco megas e resolución mínima de 300 px.

Premiaranse doce fotos con 50 euros cada unha. Pasarán a ser do Concello. Envíos a biblioteca.municipal@frades.gal incluíndo os datos persoais.

Teatro no Outono Cultural de Ordes



Este 30 de outubro (20:00 horas) represéntase na Casa da Cultura de Ordes *Conexión Pinguín*, espectáculo teatral con Luis Iglesia e Marcos Orsi sobre a incomunicación na era da comunicación tecnolóxica.

A actuación forma parte do

Outono Cultural de Ordes. Quen queira asistir debe chamar ao 981 680 002 (extensión 4) ou enviar un correo electrónico ao enderezo ordescultura@gmail.com. Dan preferencia a persoas empadroadas.

Previamente, neste ciclo representouse *Bernarda* (na imaxe).

ORDES

A Cruz Vermella trae os 'Martes Saudables' ao Museo do Traxe para mellorar os hábitos de vida da poboación

A Cruz Vermella de Ordes activou a súa iniciativa *Martes Saudables*, unha serie de charlas e obradoiros no Museo do Traxe Juanjo Liñares. O ciclo, da man de especialistas, pretende darlle un enfoque proactivo á promoción da saúde e á estimulación de hábitos de vida orientados ao benestar ao longo de toda as etapas da vida das persoas.

A primeira sesión xa se desenvolveu o 19 de outubro. A máis inmediata é este martes 2 de novembro (17:30 horas), dedicada á anticoncepción e á prevención de enfermidades de transmisión sexual. O 16 de novembro (11:00 horas) o tema será a alimentación saudable. O 30 de novembro (11:00 horas) ofrecerán recomendacións sobre o uso de pantallas dixitais na infancia. E o 14 de decembro (17:30 horas) será o momento de coñecer os tipos de medicamentos e o seu uso axeitado.

A participación é sempre de balde, pero de todos os xeitos por razóns de organización é preciso anotarse previamente no local da Cruz Vermella en Ordes (baixos da Alameda) ou chamando ao 981 216 497 ou ao 670 261 201.



Parabéns a Ramiro López e a Carmen García

Nas últimas semanas dúas persoas da comarca por riba do centenar de anos celebraron os seus cumpreanos. Trátase dun home e dunha muller: o fradés Ramiro López Cotón e a cercedense Carmen García Calvo.

El é veciño de Aiazo (Frades) e cumpriu 104 anos o 29 de setembro. Celebrou coa familia e ta-

mén acudiron o alcalde, Roberto Rey, e o concelleiro Juan Carlos Portos. Entregáronlle unha placa conmemorativa cunha imaxe alusiva ao seu oficio de zapateiro. López mantén plena lucidez e unha boa saúde, aínda que perdeu bastante audición.

En Cerceda, Carmen García Calvo mantense tamén en ple-

na forma, cando menos ata onde permiten os seus 101 anos. Por suposto, non deixou de celebralos con familia e veciñanza. Ademais, recibiu a visita do alcalde, Juan Manuel Rodríguez García, e da concelleira Catrina Queijo, que lle entregaron flores e felicítarona en nome de todo o Concello con desexos de moita saúde.

COMARCA

Cultura e patrimonio en andainas nos sete municipios



Baixo o nome *O camiño que nos une*, durante este mes de outubro desenvólense andainas nos sete municipios da comarca nas que a cultura e o patrimonio teñen un especial protagonismo. Cada concello escolleu traxectos con elementos representativos dos seus bens culturais ou naturais. O percorrido culmina con espectáculos musicais.

En Ordes, ademais, tivo lugar a finais de setembro unha andaina solidaria desde o Mesón do Vento cara ao Camiño Inglés ata Os Carrás, á que corresponde a imaxe. A participación de 136 persoas permitiu recadar 1.200 euros para a Asociación Galega de Transplantados de Médula Ósea.

DEPORTES DE PRIMEIRA

BoudSport brilla en Ribeira e Pamplona

Redacción. Ordes.

O Club BoudSport de Ordes sumou novos éxitos deportivos nas últimas semanas coa súa participación en diversas competicións.

A máis recente, ao peche desta edición, foi o inicio da tempada do ránking galego de combate no XX Campionato Cidade de Ribeira.

Na primeira xornada partiron coa pretensión de aprender e pasalo ben ao ser en boa parte dos casos cadetes de primeiro ano e mesmo no seu primeiro campionato. Aínda así, lograron dous bronce (Mateo Fernández en -37 e Sara Juncal en -59).

Na liga B o BoudSport colleitou dous ouros (Pablo Pazos en -33 e Alba Rey en -59) e dúas pratas (Uxía Castro en -52 e Venus Vilaseco en -47). Estas probas contaron ademais coa participación de Dunia Figueira en -47 e de Zef Jaku en -49. En categoría máster 2 -68, ouro para Cristóbal Boudjenane.

Xa na segunda de competición en Ribeira, o rendemento do equipo foi superior. Con todo, a entidade reconece que algúns jú-



Participación do club ordense no Campionato Cidade de Ribeira.



Integrantes do BoudSport no Open de Pamplona.

nior cometeron fallos impropios deste nivel, medíndose con equipos punteiros de Galicia, Portugal, Castela e León, ou Baleares.

O resultado neste tramo do torneo foi un ouro para Mateo Boudjenane acadou en -63, a prata de Pablo Figueira en -73, e os bronce de Sara Soneira e Abril Viqueira en -59 e -68.

A entidade ordense rematou segunda na clasificación xeral por equipos júnior masculino.

XIII Open de Pamplona

Previamente, no XIII Open Ciudad de Pamplona de taekwondo o BoudSport logrou varios triunfos. Mateo Boudjenane foi medalla de ouro en júnior -63 gañando catro combates e sen darlles opcións aos seus rivais. Cristóbal Boudjenane acadou tamén o ouro en -68 máster. Alba Rey fíxose coa prata en -59 cadete e Sara Soneira co bronce en -59 júnior. Mesmo metal para Pablo Figueira en -73 júnior. E Abril Viqueira rexistrou o quinto posto en -68 júnior.

Por equipos, o BoudSport foi terceiro tanto en júnior como en máster masculino.

C.N. CERCEDA

Rodrigo Rodríguez Lamas, campión de España cadete

Rodrigo Rodríguez Lamas, deportista pertencente ao Club Natación Cerceda, proclamouse campión de España cadete na carreira con táboa competindo coa selección galega.

O combinado autonómico rexistrou a cuarta posición nas clasificacións xerais do campionato de España que se disputou a finais de setembro en Castellón (Comunidade Valenciana).



Rodríguez é integrante do Club Natación Cerceda.

Aikido en Guindiboo

Convocouse no local social de Guindiboo, a antiga escola, en Montaos (Ordes), un curso de aikido para infancia a partir de seis anos e persoas adultas. Impártese martes e xoves en horarios de tarde e de serán, por parte do profesor José Veiga. Organiza a asociación *Enfeitizados*. Información no 630 723 431.

MOTOR

Santi García Paz mantense entre os mellores da RTS Júnior

O piloto de Mesía, Santi García Paz, e o seu copiloto, Néstor Casal, lograron o cuarto posto na bolsa RTS Júnior coa súa participación no Rally RACC Catalunya Costa Daurada a bordo do seu Peugeot 208 Rally4. Seguen así aspirando a podio, a falta de dúas probas para completar o calendario. A regularidade e non ter cometido erros foron claves do bo traballo efectuado. A competición caracterízase por presentar tramos do Campionato do Mundo, o que representaba á vez un aliante e unha dificultade que García e Casal superaron con nota.



García e Casal, no seu 208 no rally da Costa Daurada.

OROSO

Concello e clubs colaboran

O Concello e as diferentes entidades deportivas de Oroso renovaron os convenios de colaboración que manteñen co propósito declarado formalizar a cesión de instalacións e de impulsar as actividades dos clubs e fomentar hábitos de vida saudables.

O concelleiro de Deportes, Antonio Leira, agradeceu a colaboración "constante" dos clubs, que cre que se traduce en que cada vez máis poboación exercita deportes. O alcalde, Luis Rey, afirma que o compromiso de anos co deporte fai que 1.500 persoas practiquen algunha modalidade federada.



XADREZ

Campións do Club Xadrez Oroso no torneo de Malpica



Zaira e Christian, os dous de sete anos e do Club Xadrez Oroso, acadaron cadanseu campionato no Torneo de Xadrez do Concello de Malpica. Ela venceu na categoría sub 10 e el na sub 8.

Na competición, que forma parte do calendario do circuíto da Deputación da Coruña, efectuaron tamén un excelente traballo Enma e Jesús, os outros dous xogadores que representaron o club de Oroso, satisfeito cos resultados.

RAID

O SEO Ciclos Ordes culmina o mundial de raids de aventura

O equipo SEO Ciclos Ordes completou a proba do Campionato do Mundo de Raids de Aventura. Foron seis días, oito horas e corenta minutos de competición, tempo no que completaron máis de 200 km de trekking, uns 300 de BTT e algo máis de 100 de caiac, ademais de especiais de tirolina, descenso en BTT e paddle surf. Quedaron no posto 42 de 94 equipos, aínda que, como eles mesmos recoñecen, o mérito nesta proba tan dura é rematala. Unha vintena de equipos abandonaron.



O equipo ordense, pouco antes de tomar a saída. Foto do club.

A pedestre de Tordoia, a tope

Redacción. Tordoia.

A undécima Carreira Pedestre Tordoia in Essence e a cuarta Andaina Popular sumaron unhas cincocentas inscricións, o que fai que a organización fale de “total éxito”.

Na proba absoluta impuxéronse Juan José Álvarez, do Club Atletismo O Pino, e Natalia Lorenzo Pérez, en clasificacións masculina e feminina. Os primeiros locais en chegar á meta foron María Jesús Orgeira Rey e Damián Baleato Calviño.

O Concello de Tordoia expresou os seus agradecementos á Federación Galega de Atletismo, ao persoal voluntario e ás entidades que patrocinaron ou que axudaron na organización da proba. Tamén ás Pandeireteiras de Anxeriz por poñerlle música á carreira e a toda a xente que foi correr, contribuíndo ao éxito da cita.



A Carreira e a Andaina propiciaron a participación de persoas de todas as idades.

HALTEROFILIA

Liga Galega este sábado día 30 na Pontepedra

O pavillón polideportivo municipal de Tordoia, na Pontepedra, acollerá este vindeiro sábado 30 de outubro as probas da cuarta xornada da Liga Galega de Halterofilia.

Pode acudir calquera ao recinto. A competición tamén se emitirá por Youtube. En Tordoia a afección é ampla grazas ao deportista local Martín Liste.

A primeira tanda da competición comezará ás 9:00 horas. Despois irán sucedéndose ás 11:15, ás 13:30, ás 16:00 e ás 18:15 horas. A xornada é clasificatoria para o Campionato do Mundo, previsto do 7 ao 17 de decembro en Uzbequistán.

Deluquería canina
TRASKILADOS

Guapos, sanos
e felices

De luns a vernes, mañás de 10:30 a 13:30; tardes de 17:00 a 20:00.

Traballamos con cita previa.

Para outros horarios preguntanos sen compromiso.



Servizo a domicilio




Servizo de recollida



XOGUETES
COSMÉTICA
ALIMENTACIÓN

Rúa da Fonte 2, Ordes




628 30 24 63



Nuestros relojes, tu identidad

DICAM

Joyería - Relojería



C/Xuncal n22 - Sigüeiro 15888 Oroso A Coruña

 629 81 01 98